

**V PLAN DE IGUALDADE
ENTRE MULLERES E HOMES
CONCELLO DE BOQUEIXÓN
2023-2026**





Elabora:

RETNOVA PROXECTIA CONSULTING S.L

Coordina:

CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM) DE BOQUEIXÓN

Edita:

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

PRESENTACIÓN

A igualdade de xénero entre mulleres e homes é un elemento motor en todo compromiso institucional para erradicar calquera tipo de discriminación ou desigualdade.

Un compromiso prioritario e obxectivo fundamental do Concello de Boqueixón é, e seguirá sendo, aplicar medidas e desenvolver programas e proxectos que trasladen á cidadanía a necesidade de equilibrar o papel das mulleres e dos homes en todos os campos da vida social.

Estou convencido de que traballar pola igualdade entre ambos os sexos é o mellor antídoto para erradicar o machismo e a violencia que se exercen sobre as mulleres.

O V Plan de Igualdade entre mulleres e homes do Concello de Boqueixón consolida o labor que desde hai anos impulsa esta institución, en colaboración coa cidadanía, para favorecer os cambios sociais, económicos e culturais que contribúan á eliminación das desigualdades que aínda persisten entre os sexos.

Así, afondarase na gobernanza con perspectiva de xénero e seguiranse impulsando medidas para favorecer a conciliación, o benestar e a calidade de vida; a participación social e a sensibilización e intervención para a erradicación da violencia de contra as mulleres; sen esquecer a tan necesaria transversalidade de xénero nos diferentes eidos, coa vontade de trocar todos estes propósitos en realidades e obxectivos cumpridos.

Invito a toda a poboación, persoal municipal e persoal político deste concello a participar activamente neste V Plan de Igualdade do Concello de Boqueixón 2023-2026 e agardo que este Plan contribúa a eliminar progresivamente as diferenzas existentes, avanzando cara a un concello máis igualitario e equitativo.

Manuel Fernández Munín

Alcalde de Boqueixón



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	6
2. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN	8
3. CARACTERIZACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA DA POBOACIÓN E OUTRA INFORMACIÓN EN CLAVE DIAGNÓSTICA	11
3.1 Descrición sociodemográfica da poboación de Boqueixón	11
3.2 Participación social	24
3.2.1 Ámbito asociativo	24
3.2.2 Ámbito político.....	26
3.3 Educación.....	26
3.4 Outros datos de interese	28
3.4.1 Persoal do Concello.....	28
3.4.2 Servizos de conciliación da vida laboral, persoal e familiar	29
3.4.3 Actividades participativas e de benestar	30
3.4.4 Atencións do Centro de Información ás Mulleres	31
3.5 Principais necesidades e demandas en clave de igualdade de xénero	33
4. MARCO NORMATIVO E PROGRAMÁTICO	37
4.1 Ámbito internacional	37
4.2 Ámbito europeo.....	37
4.3 Ámbito estatal.....	39
4.4 Ámbito autonómico	41
4.5 Ámbito local	43
5. PRINCIPIOS INSPIRADORES.....	44
6. ESTRUCTURA DO PLAN	46
7. PROGRAMA DE MEDIDAS	51
7.1 ÁREA ESTRATÉXICA 1. CAMBIO DE VALORES E MODELOS PARA A IGUALDADE	51
7.2 ÁREA ESTRATÉXICA 2. DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE.	55
7.3 ÁREA ESTRATÉXICA 3. BENESTAR E CALIDADE DE VIDA	60
7.4 ÁREA ESTRATÉXICA 4. PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE E CIDADANÍA ACTIVA.	64



7.5 ÁREA ESTRATÉXICA 5. SENSIBILIZACIÓN E INTERVENCIÓN PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	68
7.6 Área estratéxica 6. Transversalidade de xénero na actuación do Concello	71
8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	75
9. DIFUSIÓN	77
ANEXO 1: FICHA PARA O SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	78
ANEXO 2: TÁBOA RESUMO DO PROGRAMA DE MEDIDAS	80

1. INTRODUCCIÓN

O V Plan de igualdade entre mulleres e homes do Concello de Boqueixón 2023-2026 constitúe o instrumento de planificación clave no ámbito municipal para seguir removendo os obstáculos que impiden que a igualdade de mulleres e homes nos distintos eidos sexa real e efectiva. Comezouse a súa elaboración unha vez realizada a avaliación final do IV Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes con vixencia 2018-2022.

A realización e aprobación deste plan reafirma o compromiso que o Concello de Boqueixón ven tendo coa igualdade nos últimos anos e que está avalado polo seu labor continuo. Neste labor, o Concello conta cun organismo de extrema importancia: o Centro de Información ás Mulleres (CIM). Este servizo ten diferentes competencias, como o asesoramento e a información sobre os dereitos das mulleres e acerca de cuestións xurídicas, a promoción da participación social, a atención psicolóxica ou a atención en situacións de violencia de xénero ou de vulnerabilidade.

A administración municipal, a máis próxima á cidadanía, ten a oportunidade de levar a cabo actuacións e ofrecer servizos cun impacto moi directo na vida das persoas, e neste sentido, esta institución conta cunha dilatada traxectoria na articulación de mecanismos e políticas públicas para combater os desequilibrios de xénero que afectan as mulleres e que dificultan unha participación e presenza igualitaria en todos os ámbitos.

Desde unha perspectiva integral, o plan busca combater a persistencia de fendas de xénero e de situacións discriminatorias derivadas dunha sociedade patriarcal, na que as mulleres ocuparon tradicionalmente posicións de desvantaxe en todos os ámbitos. Neste sentido, o V Plan concíbese como un instrumento marco no que contextualizar todas as accións que se poñan en marcha no horizonte 2026 para avanzar na igualdade de xénero en Boqueixón.

O plan afonda na transversalidade de xénero, de maneira que o conxunto da acción municipal considere as diferenzas entre mulleres e homes para planificar adecuadamente as accións e os recursos, así como na execución das respectivas actuacións. O papel do CIM é importante pero ha de selo como impulsor e coordinador do plan, de maneira que o **resto de departamentos se impliquen de igual xeito, para facer do enfoque integrado de xénero unha realidade na acción municipal de Boqueixón.**

Ao longo destes anos foron moitas as iniciativas, os talleres, as campañas e outra accións que permitiron avanzar na sensibilización da poboación en canto á existencia de desigualdades de xénero e das violencias machistas como efecto desa desigualdade.

O V plan artículase nas seguintes seis áreas estratéxicas:

- Área estratéxica 1. Cambio de valores e modelos para a igualdade.

- Área estratéxica 2. Desenvolvemento económico comprometido coa igualdade e coa conciliación corresponsable.
- Liña estratéxica 3. Benestar e calidade de vida.
- Liña estratéxica 4. Participación social en igualdade e cidadanía activa.
- Liña estratéxica 5. Sensibilización e intervención para a erradicación da violencia de xénero.
- Liña estratéxica 6. Transversalidade de xénero na actuación do Concello.

Concluíndo, este plan nace como marco de traballo diario, para o cal se nutre de medidas e actuacións concretas froito das necesidades da poboación que se diagnosticaron a partir de consultas a diferentes axentes. A súa posta en marcha contribuirá á diminución das desigualdades e dos desequilibrios existentes entre mulleres e homes.

En canto á estrutura expositiva, o documento que aquí se presenta está integrado polos seguintes capítulos, despois desta introdución:

- O capítulo 2 describe o proceso metodolóxico desenvolvido para a elaboración do plan.
- O capítulo 3 recolle os resultados principais da diagnose realizada: unha descrición sociodemográfica da poboación de Boqueixón e outros datos de interese sobre servizos e recursos municipais, así como a determinación das principais necesidades e demandas identificadas durante o proceso participativo.
- O capítulo 4 condensa as referencias normativas e programáticas máis recentes e de maior relevancia en materia de igualdade de xénero nos ámbitos internacional, europeo, estatal, autonómico e local.
- O capítulo 5 recolle os principios inspiradores do plan que deben rexer tamén no seu desenvolvemento.
- O capítulo 6 describe a estrutura xeral do plan en áreas estratéxicas e obxectivos estratéxicos e operativos.
- O capítulo 7 inclúe o programa de medidas que se van desenvolver para avanzar na igualdade de xénero no horizonte 2026; este capítulo constitúe a parte central do plan.
- O capítulo 8 inclúe unha serie de directrices para o seguimento, avaliación e difusión do plan.
- Por último, pechan o documento dous anexos: o modelo de ficha para o seguimento e unha táboa resumo de áreas estratéxicas, obxectivos e medidas do V Plan de Igualdade entre mulleres e homes do Concello de Boqueixón, 2023-2026.

2. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN

Neste capítulo descríbese de forma sintética o proceso metodolóxico adoptado para a elaboración do V Plan de Igualdade entre mulleres e homes do Concello de Boqueixón, 2023-2026.

1ª.- FASE PREVIA: ANÁLISE DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DO PLAN ANTERIOR

En primeiro termo, realizouse unha análise e incorporación da avaliación de resultados do plan anterior, coa finalidade de identificar as accións que poderían ter unha continuidade no plan actual, así como os aspectos susceptibles de ser mellorados.

Segundo a avaliación realizada, a futura planificación local en materia de igualdade entre mulleres e homes de Boqueixón deberá ter en conta os seguintes aspectos, de cara á elaboración dun instrumento completo, útil e verdadeiramente transversal ás distintas áreas da acción municipal:

- Especial importancia ten **reforzar a transversalidade de xénero no deseño do V Plan de igualdade**. Isto implica as seguintes accións:
 - O deseño e o desenvolvemento das medidas debe incluír o enfoque de xénero. O Plan de igualdade non debe concibirse como un instrumento/compendio no que simplemente dar encaixe ás distintas actuacións do Concello nas áreas de corte máis social: educación, servizos sociais, cultura, emprego e o propio CIM.

Así, as medidas que se deseñen deben responder a un obxectivo/meta de corrección dos desequilibrios de xénero existentes ou de inclusión da perspectiva de xénero para:

 - Visibilizar e poñer en valor as mulleres.
 - Fomentar a participación equilibrada ou a participación do sexo infrarrepresentado en determinadas actividades.
 - Ter en conta as necesidades diferentes de mulleres e homes –por exemplo, no eido da saúde, as dificultades de acceso ao emprego etc.–. - Doutra banda, a transversalidade implica tamén que todas as áreas do Concello e non só as de carácter máis social, deben ter en conta no seu labor cotiá e na planificación as diferenzas e os desequilibrios entre mulleres e homes: Urbanismo, Obras e Servizos, Turismo e Desenvolvemento Local, Facenda etc.
- **Articular mecanismos de coordinación para a execución e o seguimento do V Plan de igualdade**. Con independencia da coordinación existente entre o organismo impulsor

do plan, o CIM, co resto de departamentos municipais, cómpre poñer en marcha mecanismos ou espazos que, aínda non tendo unha periodicidade fixa de reunión, faciliten coñecer, visibilizar e poñer en común as necesidades e dificultades no desenvolvemento das medidas do plan e favorezan a comunicación interdepartamental.

- Deseñar e poñer en marcha **accións para a mellora da cualificación do persoal do Concello en materia de igualdade de xénero**. É unha das demandas recollidas a través da enquisa facilitada ao persoal e percibida a través das entrevistas realizadas, polo que a formación en igualdade coa que contan semella ser básica e precisan ampliar coñecementos. Cómpre, polo tanto, planificar actividades formativas con continuidade no tempo enfocadas ás necesidades de coñecemento, especialmente orientadas á aplicación da perspectiva de xénero á actividade ordinaria do persoal técnico.

Ademais, **esta formación debería facerse extensible ao persoal político** das distintas áreas municipais.

Por último, o novo plan non pode deixar de ter en conta os recursos dispoñibles para o seu desenvolvemento. As medidas deben ser realizables e axustadas á capacidade organizativa dun concello de pequenas dimensións, como é Boqueixón, de pouco máis de 4.000 habitantes.

2ª.- FASE DIAGNÓSTICA: ANÁLISE CUANTITATIVA E CUALITATIVA DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Dado que todo proceso de planificación precisa dun diagnóstico previo da situación que mostre o coñecemento sobre a realidade na que se pretende actuar, a seguinte fase consistiu na realización dun diagnóstico previo da situación da poboación do concello en distintos ámbitos.

Dunha banda, realizouse unha análise estatística dos principais datos sociodemográficos do municipio dispoñibles en fontes de acceso público, así como doutros datos de carácter interno facilitados pola propia institución municipal.

Desde o punto de vista cualitativo, para obter unha fotografía máis fidedigna da realidade do municipio en clave de igualdade, desenvolveuse un proceso participativo e de consulta no que se solicitou a asociacións da vila a súa colaboración, mediante a cobertura dun formulario especialmente deseñado para a identificación das necesidades e propostas de actuación en materia de igualdade de xénero no concello.

En paralelo, levouse a cabo unha consulta, tamén en clave diagnóstica e propositiva, a persoas técnicas responsables de áreas municipais asociadas a ámbitos prioritarios de actuación (CIM, servizos sociais, formación e emprego, cultura, deportes, biblioteca...) e algunha persoa clave no municipio.

3ª.- FASE DE REDACCIÓN: ELABORACIÓN DO PROGRAMA DE MEDIDAS

A partir dos resultados da avaliación do plan anterior, da diagnose realizada e das directrices e propostas transmitidas desde o Centro de Información ás Mulleres (CIM), e doutros departamentos do Concello decidíronse as prioridades e a estrutura matriz do presente plan; esta estrutura está integrada polas áreas estratéxicas, os obxectivo estratéxicos e o obxectivos operativos. Logo de consensuar a devandita estrutura, elaboráronse as distintas propostas de medidas para desenvolve-lo.

4ª.- FASE DE CONSENSO E APROBACIÓN

Unha vez elaborado e presentado un primeiro borrador do programa de medidas iníciase un proceso de consulta aos departamentos municipais, co obxecto de que realicen as súas achegas e suxestións, de maneira que se poida obter un documento verdadeiramente transversal e consensuado entre as distintas áreas do Concello.

Valoradas e incorporadas, no seu caso, as achegas recibidas, redáctase o documento do V Plan de Igualdade entre mulleres e homes do Concello de Boqueixón 2023-2026 na súa versión final para a súa presentación ao Goberno Municipal e a súa aprobación en Xunta de Goberno.

3. CARACTERIZACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA DA POBOACIÓN E OUTRA INFORMACIÓN EN CLAVE DIAGNÓSTICA


3.1 Descrición sociodemográfica da poboación de Boqueixón

A continuación, preséntase unha análise das principais características sociodemográficas da poboación de Boqueixón, así como dunha serie de indicadores socioeconómicos relacionados co emprego e a ocupación, e a inclusión social.

DATOS XERAIS DE POBOACIÓN

Para comezar, se se analiza a distribución territorial da poboación dentro do termo municipal, constátase unha elevada dispersión poboacional: o 94,1 % da poboación distribúese nas distintas parroquias do municipio, mentres que só un 5,9 % reside no núcleo de Boqueixón.

G.1 DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DA POBOACIÓN DE BOQUEIXÓN



Fonte: IGE: INE. Padrón municipal de habitantes. Explotación estatística e Nomenclátor. Ano 2022.

Tal e como se recolle no seguinte cadro, o núcleo con maior número de habitantes é Lestedo (543 mulleres e 528 homes), seguido das parroquias de Sergude (784) e de Oural (406).

C.1 DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DA POBOACIÓN DE BOQUEIXÓN POR SEXO


PARROQUIA	TOTAL	MULLERES	HOMES
A Granxa	100	45	55
Boqueixón	248	132	116

PARROQUIA	TOTAL	MULLERES	HOMES
Codeso	317	164	153
Donas	10	5	5
Gastrar	95	47	48
Lamas	298	152	146
Ledesma	256	130	126
Lestedo	1071	543	528
Loureda	194	92	102
Oural	406	204	202
Pousada	193	100	93
Sergude	784	420	364
Sucira	79	41	38
Vigo	137	65	72

Fonte: IGE: INE. Padrón municipal de habitantes. Explotación estatística e Nomenclátor. Ano 2022.

En relación á súa pirámide poboacional, residen no Concello de Boqueixón 4188 persoas, segundo datos do último padrón municipal de habitantes (ano 2022). Destas, o 51,1 % son mulleres e o 48,9 % homes.

G. 2 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN POR SEXO




Fonte: IGE. Padrón municipal de habitantes (INE). 2022.

Na pirámide poboacional, que se presenta a continuación, móstrase o envellecemento poboacional que está a experimentar Boqueixón, seguindo a tónica doutros concellos rurais

galegos. Se se analiza a distribución por sexo e idade destaca a maior lonxevidade feminina, posto que o peso das mulleres é superior a partir dos 65 anos; en concreto, por riba dos 84 anos o número de mulleres supón case o dobre que o de homes.


G. 3 ESTRUCTURA DA POBOACIÓN DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN



Fonte: IGE. Padrón municipal de habitantes (INE). 2022.

Polo que respecta a evolución da poboación nos últimos anos, obsérvase un descenso constante do número de habitantes dende 2010. Así, dende ese ano, pasou de contar con 4444 habitantes a ter, segundo datos do último padrón de 2022, 4188 residentes.

G. 4 EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN. ANOS 2010-2022



Fonte: IGE. Censos de poboación e padrón municipal de habitantes (INE).



A continuación, na seguinte táboa recóllese unha análise detallada dos principais indicadores poboacionais do concello.

C. 2 INDICADORES DE POBOACIÓN SEGUNDO O SEXO E EN TOTAL¹. BOQUEIXÓN E GALICIA

INDICADORES DE POBOACIÓN	TOTAIS		MULLERES		HOMES	
	BOQUEIXÓN	GALICIA	BOQUEIXÓN	GALICIA	BOQUEIXÓN	GALICIA
Densidade de poboación	59,7	91	30,5	47,1	29,2	43,9
Idade media no 1 de xaneiro	48,83	48,01	50,65	49,53	46,93	46,38
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	14,38	15,60	13,60	14,57	15,20	16,69
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	58,49	58,32	55,8	56,72	61,29	60,03
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	27,13	26,09	30,59	28,71	23,51	23,27
Índice de envellecemento (%)	188,57	167,26	224,93	196,99	154,66	139,43
Índice de sobreenvellecemento (%)	25,36	19,97	28,86	23,08	20,61	15,84

¹ **Índice de envellecemento:** indica a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en porcentaxe, é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos.

Índice de sobreenvellecemento: é a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos.

Índice de dependencia global: a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Índice de dependencia xuvenil: indica a relación entre a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Índice de dependencia senil: é a relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Índice de estrutura da poboación en idade activa: indica a relación entre a poboación entre 40 e 64 anos e a poboación entre 15 e 39 anos.

Índice de recambio da poboación en idade activa: a relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos. Mide a capacidade dunha poboación para substituír as persoas que se van xubilando.

INDICADORES DE POBOACIÓN	TOTAIS		MULLERES		HOMES	
	BOQUEIXÓN	GALICIA	BOQUEIXÓN	GALICIA	BOQUEIXÓN	GALICIA
Índice de dependencia global (%)	61,02	59,85	69,81	64,78	52,77	54,88
Índice de dependencia xuvenil (%)	17,34	18,15	17,86	17,48	16,86	18,83
Índice de dependencia senil (%)	43,68	41,7	51,95	47,31	35,91	36,05
Índice de estrutura da poboación en idade activa (%)	152,24	163,02	167,08	168,3	139,75	157,91
Índice de recambio da poboación en idade activa (%)	191,72	178,49	223,55	166,95	167,14	156,13

Fonte: IGE. Indicadores demográficos. 2022.

No que respecta aos datos de fecundidade, a taxa bruta de natalidade é tan só de 3,66 nacementos por cada 1000 habitantes (esta taxa na comunidade autónoma sitúase en 5,49) e a taxa xeral de fecundidade de 19,53 nacementos por cada 1000 mulleres fértiles (fronte ao 27,43 no ámbito autonómico).

O número medio de fillos ou fillas por muller, tamén coñecido por índice sintético de fecundidade, non chega nin a 1, concretamente é de 0,65.

Por outra parte, a porcentaxe de nacementos de nai non casada supón o 50,0 % (moi similar á porcentaxe autonómica, 50,77 %) e dá conta do cambio social que se vén producindo nas últimas décadas, cunha tendencia cara a maternidade e paternidade á marxe da institución legal do matrimonio.

C.3 INDICADORES DE FECUNDIDADE². BOQUEIXÓN E GALICIA

INDICADORES DE FECUNDIDADE	BOQUEIXÓN	GALICIA
Taxa bruta de natalidade	3,66	5,49
Taxa xeral de fecundidade	19,53	27,43

² **Taxa bruta de natalidade:** número de nacementos por cada 1000 habitantes.

Taxa xeral de fecundidade: número de nacementos por cada mil mulleres en idade fértil (de 15 a 49 anos).

Relación de masculinidade ao nacemento: cociente entre o número de nenos e o de nenas nados durante un ano.

Taxa bruta de reprodución: número medio de fillas que tería unha muller en ausencia de mortalidade ao longo da súa vida.

Índice sintético de fecundidade: número medio de fillo/as por muller.

INDICADORES DE FECUNDIDADE	BOQUEIXÓN	GALICIA
Idade media á maternidade	34,18	33,19
Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo	33,89	32,41
Índice sintético de fecundidade	0,65	1,01
Porcentaxe de nacementos de nai non casada	50	50,77
Relación de masculinidade ao nacemento	100	105,15
Taxa bruta de reprodución	0,32	0,49

Fonte: IGE. Indicadores demográficos. 2021.

En canto aos indicadores de nupcialidade obsérvanse diferenzas significativas ao comparalos cos datos correspondentes á comunidade autónoma. A modo de exemplo, a idade media ao primeiro matrimonio no caso dos homes sitúase algo máis de 3,5 puntos que a media de Galicia.

C.4 INDICADORES DE NUPCIALIDADE³. BOQUEIXÓN E GALICIA

INDICADORES DE NUPCIALIDADE	BOQUEIXÓN	GALICIA
Taxa bruta de nupcialidade	2,52	3,15
Taxa xeral de nupcialidade	2,82	3,56
Idade media ao primeiro matrimonio. Homes	33,35	36,87
Idade media ao primeiro matrimonio. Mulleres	32,37	34,75

Fonte: IGE. Indicadores demográficos. 2021.

En canto ás tendencias demográficas do concello, en 2021, o número de falecementos en Boqueixón supuxo case catro veces máis que o número de nacementos (60 defuncións fronte a 16 nacementos); isto mostra un desfavorable índice de recambio poboacional. Neste sentido, destaca que é o concello con menor número de nacementos da comarca de Santiago, por debaixo do Concello de Val do Dubra, o municipio con menor número de habitantes da comarca.

³ **Taxa bruta de nupcialidade:** número de matrimonios por cada 1000 habitantes.

Taxa xeral de nupcialidade: número de matrimonios por cada mil individuos de 15 ou máis anos.

C.5 NACEMENTOS, DEFUNCIÓNS, MATRIMONIOS E CRECEMENTO VEXETATIVO. CONCELLOS DA COMARCA DE SANTIAGO

CONCELLO	NACEMENTOS	DEFUNCIÓNS	SALDO VEXETATIVO	MATRIMONIO
Comarca de Santiago	1085	1603	-518	591
Ames	209	172	37	111
Boqueixón	16	60	-44	11
Brión	52	87	-35	32
Santiago de Compostela	633	986	-353	342
Teo	132	179	-47	70
Val do dubra	22	72	-50	5
Vedra	21	47	-26	20

Fonte: IGE. Indicadores demográficos. 2021.

Polo que respecta ás proxeccións de poboación a curto prazo, a perda de poboación vai continuar, cun saldo vexetativo de -1243 persoas.

A previsión a 2035 mantén a distancia entre mulleres e homes nos ditos índices. Así mesmo, é preciso sinalar que o índice de sobreenvellecemento, diminúe tanto para ás mulleres como para os homes.

C.6 PROXECCIÓNS DE POBOACIÓN A CURTO PRAZO: VARIABLES DEMOGRÁFICAS PROXECTADAS PARA O ANO 2035. COMARCA DE SANTIAGO

ANO 2035	TOTAL	MULLERES	HOMES
Nacementos proxectados	992	481	510
Taxa bruta de natalidade	4,9	-	-
Defuncións proxectadas	2.235	1.145	1.090
Taxa bruta de mortalidade	11,1	10,8	11,5
Saldo vexetativo	- 1.243	- 663	- 580
Saldo migratorio	4,4	4,9	3,9

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo.

C.7 PROXECCIÓN DE POBOACIÓN A CURTO PRAZO: INDICADORES DE ENVELLECIMENTO PROXECTADOS PARA O ANO 2035. COMARCA DE SANTIAGO


ANO 2035	TOTAL	MULLERES	HOMES
Índice de envellecemento	210	247,5	174,4
Índice de sobreenvellecemento	18,5	21,3	14,9
Índice de dependencia global	61,2	65,8	56,3

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo.

No seguinte gráfico represéntase a evolución das emigracións e das inmigracións dende o ano 2010 e ata o 2021. Estes mostran unha tendencia irregular en ambos casos.

Nos datos das emigracións obsérvase un descenso dende o ano 2019, chegando ao seu punto máis baixo no 2021 (86 persoas). No caso das inmigracións, apréciase unha forte subida entre os anos 2017 e 2019, despois do cal se produce unha caída no ano 2020.

G. 5 EVOLUCIÓN DA EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN. ANOS 2010-2021



Fonte: Elaboración do IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE. Estatística de Variacións Residenciais.2021.

No que respecta aos datos desagregados por tipo de migración e sexo pódese observar que non existen grandes diferenzas entre mulleres e homes no caso das inmigracións internas ou ao estranxeiro. Pola contra, no caso das inmigracións doutras comunidades autónomas, os homes supoñen o dobre que as mulleres.

No relativo ás emigracións, si se aprecian diferenzas por sexo, sendo os homes os que destacan tanto na emigración interna como a outra comunidade autónoma. No caso da emigración ao estranxeiro, sendo moi escasa, obsérvase paridade entre ambos sexos.

C.8a e C.8b INMIGRACIÓNS E EMIGRACIÓNS NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN POR TIPOLOXÍA E SEXO

INMIGRACIÓNS				
SEXO	TOTAL	INMIGRACIÓN INTERNA	DO OUTRA CCAA	DO ESTRANXEIRO
Mulleres	67	59	4	4
Homes	71	57	8	6
Totais	138	116	12	10

EMIGRACIÓNS				
SEXO	TOTAL	EMIGRACIÓN INTERNA	A OUTRA CCAA	AO ESTRANXEIRO
Mulleres	38	34	2	2
Homes	48	40	6	2
Totais	86	74	8	4

Fonte: IGE. Elaboración a partir dos ficheiros facilitados polo INE. Estatística de Variacións Residenciais. 2021.

EMPREGO


Noutra orde de cousas, móstranse no gráfico 14 os datos das afiliacións á seguridade social no Concello de Boqueixón a decembro de 2022.

En primeiro termo, obsérvase un peso máis elevado da afiliación masculina que, en porcentaxe, representa o 52,6 %, fronte o 47,4 % das mulleres dadas de alta na Seguridade Social.

O gráfico nº 15 mostra que a maioría dos contratos rexistrados no ano 2022 foron a tempo completo, en concreto o 55,7 %. Se se fai unha análise de xénero extráese a seguinte información:


- En primeiro lugar, a contratación parcial afecta principalmente ás mulleres, pois compróbase que o 58,6 % das persoas contratadas nesta modalidade nese ano foron mulleres.
- En segundo lugar, nos homes, a contratación a tempo completo representa o 63,1 %; moi lonxe da contratación a tempo parcial, que representa o 22,0 % e dos contratos fixos discontinuos que supoñen o 14,9 % dos contratos masculinos rexistrados.

G. 6 AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN A DECEMBRO DE 2022, POR SEXO



Fonte: IGE.


G. 7 CONTRATOS REXISTRADOS NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN POR TIPO DE XORNADA E SEXO. ANO 2022



Fonte: IGE. Información facilitada directamente pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

En canto aos sectores de actividade, pódese comprobar no seguinte gráfico a gran importancia do sector servizos no concello, que constitúe un 69,0 % da actividade, seguido pola industria, que representa un 18,3 %, e o sector primario cun 9,5 %.

G.8 CONTRATOS REXISTRADOS NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN POR SECTOR DE ACTIVIDADE. ANO 2022




Fonte: IGE. Información facilitada directamente pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Se se analizan agora os datos de desemprego, obsérvanse diferenzas significativas segundo o sexo, o que dá conta da importancia da posta en marcha de políticas de emprego con perspectiva de xénero. En termos porcentuais, as mulleres supoñen o 60 % das persoas sen traballo, fronte a un 40 % de homes. Ademais, por grupos de idade, os datos do paro correspondente a cada sexo tamén amosa diferenzas. O desemprego masculino mostra as cifras máis elevadas a partir dos 55 anos.

No caso das mulleres, as maiores cifras de paro obsérvanse a partir dos 40 anos, coa súa maior incidencia no tramo de 45 a 49 anos.

G.9 PARO REXISTRADO SEGUNDO OS GRUPOS QUINQUENAIS DE IDADE POR SEXO. ANO 2022 (MEDIA ANUAL)




Fonte: IGE. Información facilitada directamente pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Segundo o sector de actividade, o sector servizos é, cun 71,7 %, no que se empregaban maioritariamente estas persoas.

O paro masculino é maioritario na agricultura/pesca e case exclusivo na construción.

G.10 PARO REXISTRADO NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN SEGUNDO O SECTOR DA ACTIVIDADE DO ÚLTIMO POSTO DE TRABALLO POR SEXO. ANO 2022 (MEDIA ANUAL)



Fonte: IGE: Informe do paro rexistrado e información subministrada directamente pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.


POBREZA E RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

No relativo ás situacións de risco de exclusión social, o gráfico nº 19 e o cadro nº 11 mostran a evolución da poboación beneficiaria da renda de inclusión social de Galicia (Risga) e das Axudas de Inclusión Social (AIS) en Boqueixón.

Por un lado, no caso da renda de inclusión social de Galicia (Risga), destinada ás persoas en risco de exclusión social con carácter estable (non puntual), esta tivo 39 persoas beneficiarias dende o ano 2010 ata o 2021. Destas persoas, o 15,4 % (6) foron mulleres e o 84,6 % (33) homes.

A evolución ao longo do tempo presenta un pico en 2015 (con 7 persoas beneficiarias) pasando a descender nos seguintes anos.

G.11 EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN BENEFICIARIA DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN. ANOS 2010-2021



Fonte: IGE. Información facilitada directamente pola Consellería de Política Social e Xuventude.

Por outro lado, os datos máis recentes dispoñibles (2021) indican que ningunha persoa do municipio foi perceptora das Axudas de Inclusión Social (AIS) nese ano. Dende o ano 2013 e ata o 2019 non se rexistraron concesións desta axuda. Foi no ano 2019 e 2020, cando se rexistraron as últimas concesións, en ambos anos a un home residente en Boqueixón.

C.9 EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN BENEFICIARIA DAS AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL (AIS) NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN. ANOS 2010-2021


ANO	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	N	%	N	%	N	%
2010	0	0,0	1	100,0	1	100,0
2012	1	100,0	0	0,0	1	100,0
2019	0	0,0	1	100,0	1	100,0
2020	0	0,0	1	100,0	1	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

O número de persoas beneficiarias de pensións non contributivas da Seguridade Social no concello mostra datos críticos para as mulleres, xa que representan o 64,2 % no ano 2021.

Non obstante, móstrase un descenso desta porcentaxe desde o ano 2010, cando a porcentaxe acadaba o 80,6 %.

G.12 EVOLUCIÓN DE POBOACIÓN BENEFICIARIA DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN. ANOS 2010-2021



Fonte: IGE. Información facilitada directamente pola Política Social e Xuventude.

3.2 Participación social


Nos seguintes apartados coméntanse uns breves apuntamentos relacionados coa participación social no ámbito asociativo e político desde a perspectiva de xénero.

3.2.1 Ámbito asociativo

No Rexistro Municipal de Asociacións de Boqueixón, figuran inscritas, na actualidade, un total de 71 asociacións.

Segundo a tipoloxía na que se encadran, a súa distribución é a que se presenta no seguinte gráfico.

G.13 ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN. ANO 2023



Fonte: Concello de Boqueixón. Rexistro municipal de asociacións.

Compre ter en conta que, das 71 asociacións rexistradas, estímase que unha cuarta parte teñen actividade continuada ou de carácter puntual. O resto de asociacións, aínda que continúan rexistradas, apenas teñen actividade.

Segundo a información cualitativa recollida no proceso de consulta, extraense as seguintes conclusións:

- Os postos directivos das asociacións están ocupados maioritariamente por homes. As mulleres, polo xeral, non queren implicarse nas directivas.
- As mulleres participan máis que os homes nas actividades culturais promovidas dende as asociacións; aínda así, a conciliación segue a ser un obstáculo para a participación feminina nas actividades.
- Os homes, pola súa banda, predominan nas asociacións deportivas, gran parte das cales son clubs de fútbol.
- Existe unha falta importante de motivación entre xuventude para implicarse nas entidades asociativas. A isto súmase que, en xeral, é complicado fomentar o asociacionismo a pesar do apoio nas xestións que ofrece o Concello.
- O teatro, os espectáculos de música e as excursións son as actividades máis demandadas polas asociacións.

3.2.2 Ámbito político

No relativo á participación política da poboación no Concello de Boqueixón por sexo, pódese afirmar que a participación das mulleres é minoritaria.

No que respecta aos órganos políticos, a actual Corporación municipal, integrada por un total de 11 representantes, mostra un predominio masculino: 7 homes (63,6 %) fronte a 4 mulleres (36,4 %).

Concretamente, o Partido Popular (actual equipo de Goberno) presenta unha composición maioritariamente masculina, mentres que a Agrupación Veciños de Boqueixón ten unha representación paritaria.

Na Xunta de Goberno, pola contra, hai paridade entre ambos sexos.

En canto aos órganos técnico-administrativos, compre destacar que non existe representación feminina.

C.10 COMPOSICIÓN DOS ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. ANO 2022

ÓRGANO	MULLERES			HOMES			TOTAL		
	Nº	% V	% H	Nº	% V	% H	Nº	% V	% H
Alcaldía	0	0,0	0,0	1	7,7	100,0	1	5,3	100,0
Pleno	4	66,7	36,4	7	53,8	63,6	11	57,9	100,0
Xunta de Goberno	2	33,3	50,0	2	15,4	50,0	4	21,1	100,0
Secretaría	0	0,0	0,0	1	7,7	100,0	1	5,3	100,0
Intervención	0	0,0	0,0	1	7,7	100,0	1	5,3	100,0
Tesourería	0	0,0	0,0	1	7,7	100,0	1	5,3	100,0
Total	6	100,0	31,6	13	100,0	68,4	19	100,0	100,0

Fonte: Concello de Boqueixón.

3.3 Educación

Neste apartado recóllense os datos dispoñibles referidos ao ámbito educativo, concretamente o número profesorado e de alumnado matriculado nos centros educativos do municipio segundo o sexo e nas distintas etapas educativas.

Os centros son concretamente:

- Escola Infantil Raíña Lupa

- CRA Boqueixón-Vedra Neira Vilas (neste caso, das seis escolas que compoñen o CRA, só se teñen en conta para a análise os datos das tres que están situadas no concello de Boqueixón).
- CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto

Se se analizan os datos do total de alumnado matriculado hai un lixeiro predominio das rapazas (51,3%).

O número de rapaces matriculados é superior na ESO (53,2 %) e, en infantil e primaria, predomina a presenza feminina (53,2 % e 53,6 %, respectivamente).

C.11 ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. CURSO 2022-2023

NIVEL EDUCATIVO	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	N	%	N	%	N	%
Educación Infantil	59	53,2	52	46,8	111	100,0
Educación Primaria	67	53,6	58	46,4	125	100,0
Educación Secundaria Obligatoria	51	46,8	58	53,2	109	100,0
Total	177	51,3	168	48,7	345	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados polos centros educativos.

Os datos de matriculación por centro educativo reflicten que existe paridade entre sexos no alumnado das escolas do CRA Boqueixón-Vedra Neira Vilas situadas no concello de Boqueixón.

Nos dous centros restantes predomina o número de mulleres, sobre todo, na Escola Infantil Raíña Lupa na que a porcentaxe de nenas é do 56,1 %.

C.12 ALUMNADO MATRICULADO POR CENTRO EDUCATIVO E SEXO. CURSO 2022-2023

CENTRO EDUCATIVO	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	N	%	N	%	N	%
Escola Infantil Raíña Lupa	23	56,1	18	43,9	41	11,9
CRA Boqueixón-Vedra Neira Vilas	17	50,0	17	50,0	34	9,9
CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	137	50,7	133	49,3	270	78,3
Total	177	51,3	168	48,7	345	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados polos centros educativos.

En canto ao profesorado destes centros educativos, obsérvase un claro predominio das mulleres cun 88,5 %.

Tanto o claustro da Escola Infantil Raíña Lupa como o das escolas do CRA situadas en Boqueixón están totalmente feminizados. Só o CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto conta con profesores, seis concretamente.

C.13 PROFESORADO DOS CENTROS EDUCATIVOS POR SEXO. CURSO 2022-2023

CENTRO EDUCATIVO	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	N	%	N	%	N	%
Escola Infantil Raíña Lupa	4	100,0	0	0,0	4	100,0
CRA Boqueixón-Vedra Neira Vilas	12	100,0	0	0,0	12	100,0
CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	30	83,3	6	16,7	36	100,0
Total	46	88,5	6	11,5	52	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados polos centros educativos e pola información publicada nas súas páxinas web.

3.4 Outros datos de interese

3.4.1 Persoal do Concello

A continuación, recóllense na seguinte táboa os datos do cadro de persoal do Concello de Boqueixón no momento de elaboración deste plan.

Os datos amosan a distribución horizontal das porcentaxes (mulleres e homes en cada área ou departamento) e a distribución vertical (distribución das mulleres por departamento entre o total de empregadas e distribución de homes sobre o total de empregados).

En total traballan no Concello de Boqueixón 39 persoas, das cales o 59,0 % son mulleres.

A distribución segundo áreas ou departamentos evidencia que os homes concéntranse no departamento de Obras e servizos principalmente. Ademais, son eles os que desempeñan o seu labor profesional nos departamentos de Xuventude, Deportes e nas conserxerías dos centros educativos.

As mulleres son maioría naqueles departamentos integrados por unha única persoa traballadora como Rexistro xeral, Turismo, Cultura, Biblioteca, Formación e emprego... Ademais, o CIM, Servizos Sociais e o equipo da Escola Infantil tamén están compostos integramente por mulleres.

No único departamento no que se observa paridade é no de urbanismo, formado por unha muller e un home.

C.14 CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN. ANO 2022

DEPARTAMENTOS	MULLERES			HOMES			TOTAL		
	Nº	% V	% H	Nº	% V	% H	Nº	% V	% H
Secretaría-Intervención	2	8,7	50,0	2	12,5	50,0	4	10,3	100,0
Alcaldía	1	4,3	100,0	0	0,0	0,0	1	2,6	100,0
Rexistro Xeral	1	4,3	100,0	0	0,0	0,0	1	2,6	100,0
CIM	2	8,7	100,0	0	0,0	0,0	2	5,1	100,0
Servizos sociais	3	13,0	100,0	0	0,0	0,0	3	7,7	100,0
Xuventude - OMIX	0	0,0	0,0	1	6,3	100,0	1	2,6	100,0
Turismo e desenvolvemento local	1	4,3	100,0	0	0,0	0,0	1	2,6	100,0
Cultura	1	4,3	100,0	0	0,0	0,0	1	2,6	100,0
Biblioteca	1	4,3	100,0	0	0,0	0,0	1	2,6	100,0
Formación e emprego	1	4,3	100,0	0	0,0	0,0	1	2,6	100,0
Deportes	0	0,0	0,0	1	6,3	100,0	1	2,6	100,0
Urbanismo	1	4,3	50,0	1	6,3	50,0	2	5,1	100,0
Obras e servizos	0	0,0	0,0	9	56,3	100,0	9	23,1	100,0
Escola Infantil	6	26,1	100,0	0	0,0	0,0	6	15,4	100,0
Xulgado de Paz	1	4,3	100,0	0	0,0	0,0	1	2,6	100,0
Conserxería eido educativo	0	0,0	0,0	2	12,5	100,0	2	5,1	100,0
Limpeza	2	8,7	100,0	0	0,0	0,0	2	5,1	100,0
Total	23	100,0	59,0	16	100,0	41,0	39	100,0	100,0

Fonte: Concello de Boqueixón.

3.4.2 Servizos de conciliación da vida laboral, persoal e familiar

En canto aos servizos que permiten a conciliación da vida laboral, persoal e familiar, hai que mencionar:

- O servizo de tardes educativas e de lecer, desenvolvido durante o curso escolar, en horario de 15:30 a 18:30 h. As actividades diríxense a nenos e nenas de 3 a 12 anos.
- Durante os períodos non lectivos ofrécense os servizos de Semana activa, Verán Activo, Nadal Activo e Entroido activo, en horario de 9:00 a 14:00 h, e dirixido tamén a nenas e nenos de 3 a 12 anos. En 2022 utilizaron estes servizos un total de 97 menores: 44 nenas e 53 nenos.

Nestes servizos, aténdense todas as solicitudes, de maneira que non quedan menores sen praza.

Compre destacar que durante os servizos de conciliación, lévanse a cabo actividades en materia de igualdade e que se aplican criterios de transversalidade de xénero na súa planificación.

3.4.3 Actividades participativas e de benestar

Ao longo do ano 2022, participaron un total de 48 persoas nas actividades de saúde e benestar, a inmensa maioría mulleres (85,4 %).

Estas actividades están relacionadas principalmente co autocoidado e a prevención da dependencia: en todas elas a participación dos homes é mínima.

C.15 POBOACIÓN PARTICIPANTE EN ACTIVIDADES MUNICIPAIS DE SAÚDE E BENESTAR POR SEXO E EN TOTAL. ANO 2022

ACTIVIDADE	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	N	%	N	%	N	%
Coidarnos: repaso da síndrome da persoa coidadora	9	90,0	1	10,0	10	100,0
Coidarnos: o progreso do grupo	4	80,0	1	20,0	5	100,0
Coidarnos grupo 2: o autocoidado	4	100,0	0	0,0	4	100,0
Coidarnos grupo 2: a culpa	4	100,0	0	0,0	4	100,0
Coidarnos: a aceptación	4	80,0	1	20,0	5	100,0
Coidarnos: encontro de nadal	4	80,0	1	20,0	5	100,0
Coidarnos grupo 2: festexo de nadal	5	83,3	1	16,7	6	100,0
Programa de prevención da dependencia	7	77,8	2	22,2	9	100,0
Total	41	85,4	7	14,6	48	100,0

Fonte: Concello de Boqueixón.

Tamén en relación con outras actividades de benestar, da consulta realizada á persoa responsable no Concello das actividades deportivas, extráese a seguinte información:

- as mulleres participan e demandan en maior medida actividade dirixidas como pilates, zumba, bailoterapia, ximnasia de mantemento...

- os homes, pola súa banda, participan máis en deportes de práctica libre, como o fútbol, e son principalmente os que fan uso da sala de musculación do ximnasio municipal.
- en canto á xuventude, detéctase un elevado abandono da práctica deportiva das rapazas, en comparación cos rapaces, ao finalizar a Educación Secundaria Obrigatoria (coincidindo coa desaparición da materia de Educación Física na súa etapa educativa). Unha das razóns pode ser que as rapazas priorizan os estudos, deixando nun segundo plano as actividades deportivas.

3.4.4 Atencións do Centro de Información ás Mulleres

Durante o ano 2022 a totalidade de consultas atendidas no Centro de Información ás Mulleres do Concello de Boqueixón procedían de mulleres.

O número total de consultas realizadas nese ano ascende a 306. As consultas de atención psicolóxica (37,3 %) destacan sobre os restantes tipos de consultas efectuadas, seguido da atención pa vítimas de violencia de xénero cun 27,8 %.

Pola contra, as porcentaxes máis baixas corresponden á solicitude de información sobre recursos cun 13,1 % (40) e ás consultas sobre orientación e emprego cun 1,0 % (3).

C.16 CONSULTAS REALIZADAS NO CIM POR TIPOLOXÍA. ANO 2022

CONSULTAS	N.º	%
Asesoramento xurídico	64	20,9
Atención psicolóxica	114	37,3
Atención vítimas violencia de xénero	85	27,8
Orientación e emprego	3	1,0
Información de recursos	40	13,1
Total	306	100

Fonte: Concello de Boqueixón.

Ademais, desde o CIM desenvolvéronse ao longo do ano 2022 actividades de concienciación e prevención da violencia de xénero, así como outras actividades dirixidas especificamente ás mulleres ou ao conxunto da cidadanía, tal e como queda recollido no seguinte cadro.



C.17 POBOACIÓN PARTICIPANTE/BENEFICIARIA NOUTRAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CIM. ANO 2022

ACTIVIDADE	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	N	%	N	%	N	%
Entroido en igualdade: o mundo do revés	10	45,5	12	54,5	22	100,0
Historias de vida	15	75,0	5	25,0	20	100,0
Tardes pola igualdade	19	65,5	10	34,5	29	100,0
Campaña de presentación 8M	14	73,7	5	26,3	19	100,0
Taller de sensibilización en prevención da violencia de xénero	9	81,8	2	18,2	11	100,0
Igualarte: obradoiro en igualdade	19	70,4	8	29,6	27	100,0
V Mesa Local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero	14	82,4	3	17,6	17	100,0
Vídeo para a promoción do CIM	12	100,0	0	0,0	12	100,0
IV Xornada sensibilización violencia contra a muller	23	79,3	6	20,7	29	100,0
Obradoiro artesanal - 25N	6	60,0	4	40,0	10	100,0
Actividade 25N: manifesto e reparto material.	10	62,5	6	37,5	16	100,0
Total	151	71,2	61	28,8	212	100,0

Fonte: Concello de Boqueixón.

Novamente, os datos dan conta da desigual participación nas actividades entre mulleres e homes: as mulleres supuxeron o 71,2 % das persoas asistentes fronte o 28,8 % de homes.

Se se analiza por actividade, destaca a participación masculina no entroido, no obradoiro artesanal, na actividade organizada en torno ao 25 de novembro e na actividade Tardes pola igualdade.

3.5 Principais necesidades e demandas en clave de igualdade de xénero

Como parte da elaboración desta diagnose realizouse un proceso de consulta para a identificación das principais necesidades e desequilibrios de xénero nos distintos eidos no municipio, así como para recadar propostas de actuación a ter en conta na elaboración do novo plan para reducir ou erradicar os ditos desequilibrios.

Como se indicou no apartado metodolóxico, esta consulta trasladouse a parte do movemento asociativo da vila, mentres que, en paralelo, se levou a cabo outro proceso de identificación de necesidades entre persoas técnicas responsables de áreas municipais asociadas a ámbitos prioritarios de actuación, a saber: formación e emprego, cultura, deportes e biblioteca.

Ademais, para completar a recollida de información, entrevistouse á responsable do CIM, ao responsable do departamento de Xuventude e a unha persoa clave no municipio, ex-concelleira nas áreas de Educación, Cultura e Deportes (mestra do CRA Boqueixón-Vedra Neira Vilas na actualidade).

Atendendo aos distintos ámbitos expóñense a seguir de xeito resumido as principais achegas recollidas:

SAÚDE E BENESTAR

- Creación dun servizo de axuda para o coidado de persoas maiores. A idea é liberar ás mulleres desta “carga” tendo en conta que son as coidadoras principais.
- Fomento dos programas de prevención e saúde e, relacionado co punto anterior, seguir poñendo na súa planificación no papel das mulleres coidadoras.
- Apertura dun Centro de día.
- Información sobre as posibles diferenzas da sintomatoloxía das enfermidades en homes e mulleres e asegurar unha información médica con perspectiva de xénero en centros de saúde e farmacias do concello.
- Deseño e posta en marcha de campañas de educación sexual dirixidas á mocidade.
- Fomento do deporte para reducir o abandono da práctica deportiva entre a xuventude, sobre todo entre as mozas: campañas, visibilización de mulleres referentes neste eido, promoción de deportes minoritarios...
- Realización de actividades dinámicas para a mellora do benestar das persoas maiores (teatro, memoria, actividades interxeracionais, música tradicional...).

ÁMBITO LABORAL

- Impulso de cursos sobre técnicas de busca de emprego.
- Realización de obradoiros sobre habilidades básicas dirixidos á poboación en risco de exclusión social.

ÁMBITO DA CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, PERSOAL E FAMILIAR

- Posta en marcha dun servizo de madrugadores/as.
- Deseño dunha estratexia que favoreza a conciliación da vida familiar baseada na implicación de homes e mulleres.

EDUCACIÓN/FORMACIÓN

- Creación dunha escola de nais e pais e formar ás familias en materia de igualdade.
- Formación a nais e pais sobre o uso das redes sociais e o acceso a contidos dixitais na adolescencia.
- Educación dirixida ás familias e (as mulleres) sobre a proxección educativa das fillas e fillos con perspectiva de xénero.
- No que respecta á educación en igualdade: creación de espazos igualitarios e inclusivos nas escolas do concello e nos centros socio-culturais e desenvolvemento de actividades que fomenten a igualdade.
- Fomento de hábitos que eviten o consumo de pornografía a idades cada vez máis temperás, ofrecendo unha correcta educación afectivo sexual dentro e fóra das escolas.
- Realización de talleres, dirixidos á mocidade, para a prevención de condutas aditivas relacionadas coas redes sociais e as novas tecnoloxías.
- Oferta de accións formativas sobre novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Mellora da formación das mulleres para evitar que a falta de cualificación, en gran parte das mulleres rurais, lles impida acceder a un emprego, evitando así a precariedade laboral.
- Establecemento dos horarios dos obradoiros de emprego de maneira que sexan compatibles cos de coidados de persoas maiores ou menores de idade.

PARTICIPACIÓN SOCIAL

- Paridade nos postos directivos e unha maior representación de mulleres en todos os ámbitos: político, asociativo, empresarial...
- Impulso da actividade do tecido asociativo municipal e incentivar o asociacionismo entre a xuventude.
- Implicación da rapazada e do monitorado dos programas de conciliación e xuventude no desenvolvemento do plan explicándolles a súa finalidade e os seus contidos.
- Promoción do voluntariado entre a xuventude.

URBANISMO E INFRAESTRUTURAS

- Iluminación das rúas máis transitadas e nas que se realicen actividades de carácter social e deportivo.
- Creación de espazos de xogo seguros para as menores.
- Adaptación dos horarios das actividades impulsadas dende o Concello ao horario do transporte público para asegurar que a poboación poida desprazarse para participar.
- Mellora do transporte público para facilitar os desprazamentos da poboación.

GOBERNANZA

- Mellora da coordinación interdepartamental do Concello e lograr a implicación de todos os departamentos no desenvolvemento das medidas do novo plan de igualdade.
- Visibilización das actividades que impulsan dende o Concello e avalialas á súa finalización.
- Facilitación de espazos de contacto e reunións para mellorar a coordinación entre os departamentos.
- Formación en igualdade dirixida ao persoal do Concello.

VIOLENCIA DE XÉNERO

- Creación de campañas sobre a educación non sexista e sobre a liberdade sexual das mulleres.
- Deseño de actividades que fomenten a convivencia pacífica e igualitaria e a non violencia.



- Incorporación de contidos sobre o uso seguro e non discriminatorio das redes sociais nas actuacións dirixidas á xuventude.

POBREZA E INCLUSIÓN SOCIAL

- Posta en marcha de obradoiros dirixidos ás persoas en risco de exclusión social sobre habilidades básicas para a vida diaria, por exemplo, para mellorar a convivencia no fogar.
- Fomento de medidas de inserción para as mulleres maiores de 45 anos e as mulleres con discapacidade.

OUTRAS DEMANDAS

- Creación de clubs deportivos femininos.
- Aproveitamento do patrimonio material e inmaterial do concello para visibilizar o papel das mulleres ao longo da historia e nos oficios tradicionais (exposicións, roteiros, estudos, publicacións...)
- Habilitación de espazos de reunión para a xuventude.
- Posta en valor do feminismo nos eventos culturais e creación na biblioteca municipal dunha sección específica de muller e igualdade, incorporando libros e publicacións desta materia.
- Impulso do emprendemento (sobre todo visibilizando o emprendemento feminino) a través de axudas económicas dende o Concello.
- Apoio ao emprego autónomo.

4. MARCO NORMATIVO E PROGRAMÁTICO

Neste capítulo ofrécese unha síntese do desenvolvemento normativo e programático a través dos que se aborda a igualdade entre mulleres e homes. Procederase, non obstante, a referir os avances producidos nos últimos anos, tendo en conta que o plan municipal anterior xa contaba cunha recompilación normativa.

Ano tras ano, o compromiso coa igualdade de xénero por parte dos poderes públicos e desde todos os ámbitos de decisión cristaliza na abordaxe normativa e programática e séguense aprobando tanto no ámbito internacional como europeo, estatal, autonómico e local. O seu denominador común é a remoción de barreiras que obstaculizan a igualdade real e efectiva ou que constitúen formas preocupantes de discriminación pro razón de xénero.

A continuación refírense para cada ámbito territorial, describindo tanto as novidades normativas como programáticas.

4.1 Ámbito internacional

No ámbito internacional, o instrumento aprobado máis recentemente é o **Plan Estratéxico para 2022–2025, de ONU Mulleres⁴**, que busca guiar a acción deste organismo durante o período sinalado. O plan detalla como desenvolverá ONU Mulleres o seu triplo mandato para mobilizar unha acción urxente e sostida, de cara a lograr a igualdade de xénero, o apoderamento de todas as mulleres e as nenas e apoiar a consecución da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable. Este Plan Estratéxico integra as seguintes áreas de interese: Gobernanza e participación na vida pública; Apoderamento económico das mulleres; Eliminación da violencia contra as mulleres e as nenas; e As mulleres, a paz e a seguridade, a acción humanitaria e a redución do risco de desastres.

4.2 Ámbito europeo

No contexto europeo, o principio de igualdade e de non discriminación por razón de xénero aparece xa recoñecido no Tratado de Roma (1957), constitutivo da Comunidade Económica Europea. Este principio refórzase en 1999 coa entrada en vigor do Tratado de Ámsterdam,

⁴ Entidade das Nacións Unidas para a Igualdade de Xénero e o Apoderamento das Mulleres (ONU Mulleres). Plan Estratéxico para 2022-2025. Nacións Unidas, UNW/2021/6.

onde se recoñece como un valor fundamental e un obxectivo a conseguir para o conxunto de estados membros da Unión.

O máis destacable recentemente no contexto da **Unión Europea** é a aprobación da **Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025**. Varios son os obxectivos fundamentais desta estratexia: 1) poñer fin á violencia de xénero; 2) combater os estereotipos; 3) eliminar as brechas de xénero no mercado de traballo; 4) lograr a participación en pé de igualdade nos distintos sectores da economía; 5) abordar a brecha salarial e de pensións entre homes e mulleres; 6) reducir a brecha de xénero nas responsabilidades asistenciais; 7) alcanzar o equilibrio entre mulleres e homes na toma de decisións e a actividade política.

Pola súa parte, a Comisión Europea presentou o 4 de marzo de 2021 unha **Proposta de directiva pola que se reforza a aplicación do principio de igualdade de retribución entre homes e mulleres por un mesmo traballo ou un traballo de igual valor a través de medidas de transparencia retributiva e de mecanismos para o seu efectivo cumprimento**⁵. A dita proposta parte do artigo 157.3, do Tratado Fundacional da Unión (TFUE), que prevé que a Unión Europea adopte medidas para garantir a aplicación do principio de "igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres en materia de emprego e ocupación, incluído o principio de igual salario por igual traballo ou traballo de igual valor".

O 5 de marzo de 2021 publicouse o primeiro **Informe sobre Igualdade de Xénero na UE**, co balance da posición da Unión Europea e dos estados membros en materia de igualdade.

Relacionado máis directamente coa violencia de xénero, en xuño de 2020, a Comisión Europea presentou a primeira **Estratexia da Unión sobre os Dereitos das Vítimas**⁶, que intensifica a súa loita contra esta lacra, entre outros delitos. Esta estratexia céntrase en dous obxectivos:

- 1) Apoderar as vítimas para que denunciaren os delitos, reclamen unha indemnización e, en última instancia, se recuperen das consecuencias do delito;
- 2) colaborar con todos os interlocutores pertinentes en materia de dereitos das vítimas.

En marzo de 2022, a Comisión Europea propón normas a escala da UE para loitar contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica: **Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre a loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica**. Esta proposta tipificará como delito a violación sobre a base da falta de consentimento, a mutilación xenital feminina e a ciberviolencia, que inclúe: a difusión non consentida de imaxes íntimas; ciberacecho; o ciberacoso; e a incitación en liña á violencia e ao odio. As novas normas tamén reforzan as posibilidades de acceso á xustiza das vítimas.

⁵ Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se reforza a aplicación do principio de igualdade de retribución entre homes e mulleres por un mesmo traballo ou un traballo de igual valor a través de medidas de transparencia retributiva e de mecanismos para o seu efectivo cumprimento. Bruxelas, 4.3.2021COM (2021) 93 final. 2021/0050 (COD).

⁶ Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións. Estratexia da UE sobre os dereitos das vítimas (2020-2025). COM/2020/258 final.

No ámbito dos países integrantes do **Consello de Europa**, un fito importante foi, no seu momento, o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra violencia exercida contra as mulleres e a violencia doméstica. Istambul, 11 de maio do 2011, ratificado por España en 2014. E xa máis recentemente cómpre sinalar a segunda **Estratexia de Igualdade de Xénero 2018-2023**. Esta estratexia contempla seis áreas estratéxicas dirixidas a: prever e combater os estereotipos de xénero e o sexismo; combater a violencia contra as mulleres e a violencia intrafamiliar; garantir o acceso igualitario das mulleres á xustiza; lograr unha participación equilibrada de mulleres e homes na vida política e na toma de decisións públicas; protexer os dereitos das mulleres migrantes, refuxiadas e solicitantes de asilo e mozas, así como a transversalización da perspectiva de xénero en todas as políticas e medidas.

4.3 Ámbito estatal

A Constitución Española de 1978 proclama no seu artigo 14 o dereito á igualdade e a non discriminación por razón de sexo; e pola súa banda, o artigo 9.2 consagra a obrigaón dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade da persoa e dos grupos nos que se integra sexa real e efectiva. A partir deste recoñecemento xurídico e formal da igualdade sucedéronse outras disposicións que forman parte do noso ordenamento e que supuxeron un avance na igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación en diferentes ámbitos.

A continuación sinálanse os que tiveron lugar máis recentemente:

- **Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación.** Este Real Decreto contén sete artigos que se corresponden coa modificación de sete importantes leis que inciden de forma directa na igualdade entre mulleres e homes, entre elas a Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o Estatuto dos Traballadores ou a Lei Xeral da Seguridade Social.

Así procedeuse ao Desenvolvemento regulamentario de dúas materias de grande interese:

- A elaboración e o rexistro dos plans de igualdade das empresas, mediante a aprobación do **Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro** e modifícase o Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.
- A garantía da igualdade salarial e a non discriminación por razón de sexo, coa aprobación do **Real Decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.**

- Ratificación do **Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (2017)**. As 290 medidas que o integran inciden nos ámbitos da sensibilización e da prevención; na mellora da resposta institucional; no perfeccionamento da asistencia; na axuda e protección ás vítimas; na asistencia e protección dos e das menores; no impulso á formación dos distintos axentes; no seguimento estatístico; na visualización e atención doutras formas de violencia contra as mulleres, e inclúe tamén recomendacións ás administracións públicas e outras institucións, así como o compromiso económico co seguimento do pacto.
- Tras a súa aprobación, promúlgase o **Real decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero**, que modificou a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o Código Civil. Concretamente modificou:
 - os artigos 20, 23 e 27 da L.O 1/2004 relativos á asistencia xurídica, á acreditación das situacións de violencia de xénero e á compatibilidade das axudas sociais.
 - a Lei 7/1985 reguladora de bases do réxime local para dotar a Administración Local da competencia en “Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”.
 - o art. 156 do Código Civil relativa á atención e asistencia psicolóxica de menores con exposición á violencia de xénero.
- En 2020, publicouse o **Real decreto-lei 12/2020, do 31 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero** e, posteriormente, aprobouse a **Lei 1/2021, do 24 de marzo**, co mesmo título. Esta lei mellora os aspectos regulados polo Real decreto-lei 12/2020, coa que se pretende garantir o amparo de todas as vítimas de violencia de xénero durante a crise producida pola Covid-19.
- De especial importancia é tamén a **Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia**, que introduce importantes cambios legais relacionados coas situacións de violencia de xénero:
 - O recoñecemento da violencia vicaria como forma de violencia de xénero (Disposición final décima; medida 198 do Pacto de Estado).
 - A suspensión do réxime de visitas en casos de violencia de xénero (Disposición final segunda, un; medida 204 do Pacto de Estado).
 - O impedimento da toma en consideración da falsa síndrome de alienación parental (SAP) (art. 11.3; medida 129 do Pacto de Estado)
- A aprobación da **Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual**, supón tamén un fito importante: elimina o concepto de “abuso sexual”,

de forma que calquera acto contra a liberdade sexual dunha persoa realizado sen o seu consentimento constituirá un delito de agresión sexual.

- No que atinxe á promoción e defensa dos dereitos das persoas LGTBI a gran novidade é a aprobación da **Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI**. E, nesa mesma data, apróbase a **Lei orgánica 1/2023, do 28 de febreiro**, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, **de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo**.

Desde unha **perspectiva programática**, cabe destacar:

- O **Plan Corresponsables**: iniciativa do Ministerio de Igualdade impulsada en 2021 como política que permita articular mecanismos, en colaboración coas comunidades autónomas, para o apoio específico das necesidades de conciliación das familias con menores de 16 anos. Ademais, pretende incidir noutras dimensións, como a creación de emprego, a dignificación e recoñecemento da experiencia profesional de coidados, a sensibilización en materia de corresponsabilidade, entre outros.
- O **Plan Estratéxico para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes PEIEMH (2022-2025)**: plan director da Administración xeral do estado en materia de igualdade, integrado por catro eixes de intervención:
 - Bo Goberno: cara a formas de facer e decidir máis inclusivas.
 - Economía para a vida e a repartición xusta da riqueza.
 - Cara á garantía de vidas libres de violencia machista contra as mulleres.
 - Un país con dereitos efectivos para todas as mulleres.

4.4 Ámbito autonómico

Na Comunidade autónoma de Galicia cómpre referir a aprobación dos seguintes textos legais máis directamente relacionados coa igualdade de xénero e

- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.
- Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 12/2016 de 22 de xullo, a través da cal se modifican os artigos 3 e 39, mais a disposición adicional cuarta, engadindo outras disposicións a maiores da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia.
- Leis polas que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
 - Lei 12/2016, do 22 de xullo. Supón a modificación da letra f) do artigo 3 que pasa de denominarse “tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación” a “trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual”.
 - Lei 14/2021, do 20 de xullo. Introduce na letra g) do artigo 3 unha nova tipificación da violencia de xénero: a violencia vicaria. Polo tanto, a anterior letra g) pasa a ser a letra h) deste artigo.
 - Lei 15/2021, do 3 de decembro. Engade a letra h) no artigo 3 que supón unha nova tipificación da violencia de xénero: a violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller. Ademais, a anterior letra h) deste artigo 3 pasa a ser a letra i).
- Por último cabe mencionar o **Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia**, pendente de aprobación no momento que se elabora este plan. Esta norma pretende constituír un instrumento legal que reforce o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade de xénero, coherente coa normativa estatal de carácter básico así como con outras normas de ámbito autonómico.

No nivel programático, cabe destacar os seguintes:

- **VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027**, novo instrumento de planificación estratéxica co que o Goberno galego renova o seu compromiso coa igualdade de xénero en todos os ámbitos. Integran o plan oito ámbitos de intervención máis un ámbito instrumental (Transversalización da Perspectiva de Xénero na actividade da Xunta de Galicia); os oito ámbitos son:
 - Ámbito 1. Empregabilidade, emprendemento e eliminación da fenda salarial
 - Ámbito 2. As mulleres na ciencia e na investigación

- Ámbito 3. Conciliación e corresponsabilidade nos usos do tempo
 - Ámbito 4. Igualdade de oportunidades para as mulleres rurais e do mar
 - Ámbito 5. Educación para a igualdade e prevención das violencias contra as mulleres
 - Ámbito 6. Apoderamento, sororidade e participación social
 - Ámbito 7. Outras políticas sectoriais para o benestar, a cohesión social e o reto demográfico
 - Ámbito 8. Intervención para a erradicación da violencia de xénero
- **Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024**, dirixido a proporcionar un marco de actuación que recolla de forma coordinada e global as liñas de intervención e directrices que deben orientar a actividade da Administración autonómica, dentro do seu marco competencial, para dar resposta ás situacións de trata con fins de explotación sexual;
- **III Programa Galego de Muller e Ciencia 2022-2025.**

4.5 Ámbito local

Por ultimo, no ámbito das administracións locais e como xa se comentou anteriormente, a última modificación realizada en agosto de 2018 na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local inclúe como competencia propia dos municipios no artigo 25.2 letra o) **Actuacións na promoción da igualdade entre mulleres e homes así como contra a violencia de xénero**. Isto constitúe un fito importante no que respecta ao traballo pola igualdade real e efectiva desde as administracións municipais.

5. PRINCIPIOS INSPIRADORES

Expóñense de seguido os principios que inspiraron a elaboración do V Plan para de Igualdade entre mulleres e homes do Concello de Boqueixón, 2023- 2026, que rexerán na súa execución.

1. PLENA IGUALDADE DE TRATO E OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

O principio de igualdade de trato e de oportunidades, recoñecido xuridicamente polos distintos estamentos reguladores, debe rexer e ser aplicable en todas as situacións e, polo tanto, aplicable en todas as actuacións da Administración municipal.

Pero esta igualdade xurídica ten que ser materializable en todos os eidos e, recoñecendo a igualdade de dereitos de todas as persoas, terase en conta a desigual posición de mulleres e de homes, de tal xeito que poidan ser aplicables medidas de acción positiva para corrixir os desequilibrios existentes que conduzan á consecución desa igualdade.

2. TRANSVERSALIDADE E INCORPORACIÓN DO ENFOQUE DE XÉNERO EN TODAS AS ACTUACIÓNS

Segundo este principio, a igualdade entre mulleres e homes debe incorporarse a todas as políticas públicas e procedementos impulsados desde a Administración municipal, como maneira de actuar contra as desigualdades e desequilibrios que aínda persisten nos distintos ámbitos.

A aplicación da transversalidade require introducir cambios no modelo de xestión municipal, tanto nas súas estruturas como nas súas “formas de facer”. Isto significa que a perspectiva de xénero debe introducirse en todas as fases da acción do Goberno local, desde o deseño e a planificación, ata a execución das distintas actuacións, xa que non existen políticas neutras.

3. PARTICIPACION E RESPONSABILIDADE SOCIAL

Axentes sociais e cidadanía en xeral deben implicarse no desenvolvemento deste plan, xa que o avance na eliminación das desigualdades por razón de xénero é labor de toda a sociedade. O plan integra este principio coa fin de recoñecer a participación e a corresponsabilidade social de entidades e organizacións de toda índole, do movemento asociativo e da cidadanía en xeral para contribuír a unha cultura social favorable á igualdade de xénero nos diferentes ámbitos.

Este concepto vai máis alá da necesaria conciliación da vida laboral, persoal e familiar e impregna todas as esferas da vida, incluídos os espazos de participación e decisión etc., o que fai que tanto institucións públicas como sociedade civil e axentes económicos teñan que tomar conciencia e implicarse.

Ao cabo, pode concibirse como estratexia transversal para impulsar cambios nos valores da sociedade que permitan construír unha sociedade máis xusta e equitativa para mulleres e homes.

4. INTERSECCIONALIDADE

A diversidade das mulleres é un eixe horizontal que debe guiar a intervención social desde un enfoque de xénero: a diversidade con respecto á procedencia migratoria, ao territorio rural e urbano, á orixe social, ao nivel de formación, á diversidade cultural, á orientación sexual, á idade, ou, entre outros, á presenza de discapacidade e o seu impacto na accesibilidade. A integración da diversidade das mulleres no enfoque feminista supón atender á discriminación múltiple presente na vida de moitas mulleres.

O denominado enfoque “interseccional” supón rachar coa visión monolítica de “muller” para comezar a entender que dita categoría se atopa fragmentada por todas as variables que comentamos anteriormente. Ao falar das conexións destas categorías, temos que ter en conta que posúen un efecto multiplicador na discriminación

A interseccionalidade significa que se teña en conta a diversidade e pluralidade das mulleres de todo o municipio e ha de impregnar o conxunto de accións deste plan e é necesaria como punto de partida para a análise de necesidades pero tamén para unha mellor planificación das accións a desenvolver

5. PARTICIPACIÓN E RECOÑECIMENTO DAS MULLERES.

Con este plan quérese impulsar unha maior participación das mulleres en todos os eidos, ao tempo que se poñen en valor e se visibilizan todas as súas contribucións á sociedade.

A necesaria igualdade entre mulleres e homes precisa do fortalecemento do exercicio activo dos dereitos das mulleres, a través do seu apoderamento individual e colectivo que lles permita acceder ás esferas de decisión nos distintos ámbitos.

6. COLABORACIÓN E COORDINACIÓN INSTITUCIONAL.

Este V Plan de Igualdade fai fincapé na necesaria implicación e colaboración das distintas áreas e servizos municipais para o seu correcto desenvolvemento. Os distintos departamentos do Concello teñen a responsabilidade de levar a cabo as actuacións que neste plan lles son encomendadas; para iso precisase en moitos casos dunha coordinación e cooperación interdepartamental.

Compartir información, coñecemento, experiencias e levar a cabo procedementos de traballo conxuntos posibilitará unha aplicación real da transversalidade de xénero a todas as políticas e permitirá optimizar os mecanismos de seguimento e avaliación.

6. ESTRUCTURA DO PLAN

O V Plan de igualdade entre mulleres e homes do Concello de Boqueixón 2023-2026 presenta a seguinte estrutura, baseada nos seguintes elementos que se describen a continuación:



Ilustración 1: esquema dos elementos estruturais do V Plan.

- As **áreas estratéxicas** representan aqueles ámbitos de actuación nos que é prioritaria a intervención para avanzar na consecución da igualdade entre mulleres e homes nos vindeiros anos. Asociado a cada unha das liñas, **o obxectivo estratéxico** define a meta ou obxectivo xeral pretendido e, polo tanto, coincide coa estratexia de acción xeral e estrutural que se busca impulsar.
- Os **obxectivos operativos** constitúen as metas concretas que permitirán a consecución do obxectivo estratéxico de cada unha das liñas estratéxicas.
- No último nivel sitúanse as **medidas** ou propostas concretas de actuación para materializar cada un dos obxectivos operativos.

As liñas estratéxicas de actuación son as que se sinalan de seguido:

Área estratéxica 1.	• CAMBIO DE VALORES E MODELOS PARA A IGUALDADE
Área estratéxica 2.	• DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E COA CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE
Área estratéxica 3.	• BENESTAR E CALIDADE DE VIDA
Área estratéxica 4.	• PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE E CIDADANÍA ACTIVA
Área estratéxica 5.	• SENSIBILIZACIÓN E INTERVENCIÓN PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO
Área estratéxica 6.	• TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ACTUACIÓN DO CONCELLO

Ilustración 2: cadro resumo das áreas estratéxicas do plan.

O seguinte cadro recolle as áreas estratéxicas con seus respectivos obxectivos estratéxicos e operativos:

AREA ESTRATÉXICA 1: CAMBIO DE VALORES E MODELOS PARA A IGUALDADE	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVOS OPERATIVOS
Concienciar o conxunto da poboación sobre a necesidade dun novo modelo de sociedade plenamente igualitario e contribuír desde idades temperás á eliminación dos estereotipos e dos roles de xénero que perpetúan a desigualdade.	1.1. Fortalecer as accións coeducativas dirixidas á erradicación dos roles e estereotipos de xénero e a unha educación en igualdade que inclúa a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias). 1.2 Proseguir co labor de sensibilización do conxunto da cidadanía sobre a igualdade entre mulleres e homes e a superación de roles e estereotipos de xénero.

ÁREA ESTRATÉXICA 2: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E COA CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE**OBXECTIVO ESTRATÉXICO**

Favorecer a empregabilidade das mulleres e a súa permanencia na esfera laboral en condicións de igualdade, á vez que se promoven as condicións para compatibilizar o traballo e a vida privada desde un enfoque de corresponsabilidade.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

- 2.1 Promover o acceso e permanencia das mulleres no mercado laboral e apoiar distintas fórmulas de participación na actividade económica.
- 2.2 Fomentar a corresponsabilidade e facilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar da poboación de Boqueixón.

ÁREA ESTRATÉXICA 3: BENESTAR E CALIDADE DE VIDA**OBXECTIVO ESTRATÉXICO**

Promover o benestar integral das mulleres a través de políticas inclusivas, de prevención e de coidado da saúde, e contribuír á conformación de contornas máis amigables e seguras mediante a introdución da perspectiva da xénero no deseño e conservación dos espazos e nas infraestruturas.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

- 3.1 Fomentar estilos de vida saudables desde unha perspectiva de xénero que contribúan ao benestar físico e psicosocial, procurando a descentralización das actividades (nota: isto último quizás vaia no obxectivo estratéxico, porque afectaría a todo)
- 3.2. Facilitar o acceso ao recursos sociais existentes, en particular para as mulleres que se atopan nunha situación de vulnerabilidade.
- 3.3 Contribuír á conformación de espazos seguros e sustentables adaptados ás necesidades de todas as persoas a través da incorporación da perspectiva de xénero nas políticas de planificación urbanística, infraestruturas e mobilidade.

ÁREA ESTRATÉXICA 4. PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE E CIDADANÍA ACTIVA**OBXECTIVO ESTRATÉXICO**

Favorecer a participación das mulleres e a presenza igualitaria en todos os ámbitos, á vez que se contribúe ao seu apoderamento, recoñecemento e visibilización das súas contribucións pasadas e presentes.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

- 4.1 Impulsar a participación activa das mulleres nas distintas esferas da vida social, cultural e deportiva, ao tempo que se favorece o apoderamento individual e colectivo.
- 4.2. Fomentar a presenza e participación equilibrada de mulleres e homes nas distintas estruturas de participación e decisión, poñendo en valor o talento e liderado feminino.

ÁREA ESTRATÉXICA 5: SENSIBILIZACIÓN E INTERVENCIÓN PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**OBXECTIVO ESTRATÉXICO**

Continuar co labor de sensibilización social, toma de conciencia e denuncia de todas as formas de violencia contra as mulleres e reforzar os mecanismos de prevención e apoio ás vítimas

OBXECTIVOS OPERATIVOS

5.1 Sensibilizar ao conxunto da sociedade sobre a violencia contra as mulleres/violencias machistas mediante accións que contribúan ao seu rexeitamento social e á súa prevención.

5.2 Reforzar a atención e a coordinación dos procesos de detección e atención ás vítimas de violencia de xénero e das persoas ao seu cargo.

AREA ESTRATÉXICA 6: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ACTUACIÓN DO CONCELLO**OBXECTIVO ESTRATÉXICO**

Consolidar un modelo de gobernanza en favor da igualdade entre mulleres e homes mediante a incorporación da transversalidade do enfoque de xénero ao conxunto da acción municipal.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

6.1 Incorporar a perspectiva de xénero e o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes en todos os procesos da organización municipal.

6.2 Consolidar unha comunicación institucional plenamente inclusiva e con enfoque de xénero.

Por último, o seguinte cadro recolle o cómputo dos distintos elementos da estrutura matriz do plan: un total de seis áreas estratéxicas, 13 obxectivos operativos e 57 medidas:

ESTRUTURA DO V PLAN DE A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN 2023-2026**AREA ESTRATÉXICA 1: CAMBIO DE VALORES E MODELOS PARA A IGUALDADE**

1 OBXECTIVO ESTRATÉXICO	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	8 MEDIDAS
-------------------------	-------------------------	-----------

ÁREA ESTRATÉXICA 2: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E COA CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE

1 OBXECTIVO ESTRATÉXICO	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	11 MEDIDAS
-------------------------	-------------------------	------------

ÁREA ESTRATÉXICA 3: BENESTAR E CALIDADE DE VIDA

1 OBXECTIVO ESTRATÉXICO	3 OBXECTIVOS OPERATIVOS	12 MEDIDAS
-------------------------	-------------------------	------------

ÁREA ESTRATÉGICA 4. PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE E CIDADANÍA ACTIVA

1 OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2 OBXECTIVOS OPERATIVOS 10 MEDIDAS

ÁREA ESTRATÉGICA 5: SENSIBILIZACIÓN E INTERVENCIÓN PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

1 OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2 OBXECTIVOS OPERATIVOS 6 MEDIDAS

ÁREA ESTRATÉGICA 6: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ACTUACIÓN DO CONCELLO

1 OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2 OBXECTIVOS OPERATIVOS 10 MEDIDAS

TOTAL LIÑAS ESTRATÉGICAS

6 OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS 13 OBXECTIVOS OPERATIVOS 57 MEDIDAS

No seguinte capítulo, preséntase un programa de medidas estruturado en seis apartados diferenciados, correspondentes a cada unha das áreas estratégicas do plan.

Tras un texto introdutorio a modo de xustificación das accións deseñadas, a información preséntase en táboas nas que cada unha das medidas incorpora os seguintes elementos:

- A área ou áreas municipais (departamento/s) responsables da execución.
- Os indicadores de medición: dirixidos á monitorización e verificación da implantación ou desenvolvemento de actuacións para o cumprimento da medida.

7. PROGRAMA DE MEDIDAS

7.1 ÁREA ESTRATÉXICA 1. CAMBIO DE VALORES E MODELOS PARA A IGUALDADE

O compromiso do Concello de Boqueixón coa necesidade de seguir avanzando no fomento da igualdade real entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida vese reflectido de maneira moi nidia en todo o labor de sensibilización social para a igualdade de xénero desenvolvido ao longo dos últimos anos. Malia todo o traballo desenvolvido, estes esforzos non deben cesar.

A pesar dos avances innegables que a sociedade actual vén experimentando desde hai décadas neste eido, persisten aínda moitos desequilibrios que impiden falar dunha igualdade plena entre mulleres e homes; cando non se atopan elementos que fan pensar nun retroceso na erradicación de todas as formas de discriminación e violencia por razóns de xénero.

Por iso, o obxectivo estratéxico desta primeira área non é outro que seguir concienciando a toda a poboación na necesidade dun novo modelo de sociedade plenamente igualitario e contribuír desde idades temperás á eliminación dos estereotipos e os roles de xénero que perpetúan a desigualdade.

Como primeiro obxectivo operativo, quérese fortalecer o traballo que se vén realizando a través do ámbito educativo para a erradicación dos roles e estereotipos de xénero, para conseguir unha educación en igualdade, coa implicación de todos os axentes da comunidade educativa.

Así, máis alá da continuidade da colaboración cos centros educativos de Boqueixón para o desenvolvemento de actividades de información e sensibilización para a igualdade, impulsaranse medidas que impliquen ao resto da comunidade educativa e non só ao alumnado. Entre outras, fomentárase a implicación das nais e os pais a través de apoios para a realización de actividades de fomento da educación en igualdade.

As familias precisan ferramentas para educar en igualdade e conseguir así erradicar os prexuízos e estereotipos que aínda están vixentes na nosa sociedade e que teñen relación co xénero: tanto as eleccións de estudos e profesións, como outras opcións vitais, por exemplo, as actividades deportivas, están aínda moi condicionadas se se trata de nenas ou de nenos. Transmitir valores de corresponsabilidade no fogar e nos coidados, tolerancia e respecto na orientación e expresión de xénero etc., son esenciais para acadar unha sociedade verdadeiramente igualitaria e xusta.

É tamén moi importante, incidir en todas as problemáticas sociais que actualmente afectan á infancia e á adolescencia relacionadas cun uso inadecuado das tecnoloxías da información e a comunicación (imaxes e estereotipos transmitidos en redes sociais, condutas de abuso a través das tecnoloxías etc.) ou acceso a contidos dixitais discriminatorios e degradantes para as

mulleres etc. Por iso, é necesario proporcionar as ferramentas adecuadas ao profesorado e as familias e traballar co alumnado na transmisión de valores de igualdade.

Así mesmo, non pode obviarse a necesidade de proporcionar educación afectivo-sexual para o fomento de relacións afectivas en igualdade e a prevención das distintas expresións de violencia sexual contra as mulleres.

O segundo obxectivo específico está destinado a dar continuidade ao traballo de sensibilización do conxunto da cidadanía en materia de igualdade. Darase continuidade a toda a actividade que o Centro de Información ás Mulleres de Boqueixón desprega ao longo de todo o anos a través de campañas, actos conmemorativos en datas significativas, exposicións, charlas etc.

Impulsaranse tamén actividades en novos formatos e desde un enfoque que fomente a participación, especialmente da poboación masculina, e consiga implicar os homes no exercicio de novas masculinidades.

Por último, promoverase a creación dunha sección feminista na Biblioteca Municipal, co fin de contribuír a visibilizar e poñer en valor a contribución das mulleres nas distintas esferas.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO

Concienciar o conxunto da poboación sobre a necesidade dun novo modelo de sociedade plenamente igualitario e contribuír desde idades temperás á eliminación dos estereotipos e dos roles de xénero que perpetúan a desigualdade.

OBXECTIVO OPERATIVO 1.1	Fortalecer as accións coeducativas dirixidas á erradicación dos roles e estereotipos de xénero e a unha educación en igualdade que inclúa a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).
Medida 1.1.1	Continuidade da colaboración cos centros educativos do concello para o desenvolvemento de accións educativas, de información e sensibilización en materia de igualdade de xénero dirixidas ás distintas etapas educativas. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Cultura ⇒ Servizos Sociais ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Alumnado e profesorado participante por sexo, curso/etapa educativa



OBXECTIVO OPERATIVO 1.1	Fortalecer as accións coeducativas dirixidas á erradicación dos roles e estereotipos de xénero e a unha educación en igualdade que inclúa a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).
Medida 1.1.2	Organización de actividades informativas (obradoiros, charlas etc.) en materia de educación afectivo-sexual adaptadas ás distintas etapas, dirixidas ao fomento de relacións afectivas en igualdade e á prevención das violencias sexuais. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Xuventude ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Alumnado e profesorado participante por sexo, curso/etapa educativa
Medida 1.1.3	Desenvolvemento de accións formativas adaptadas aos distintos axentes que integran a comunidade educativa para un adecuado uso das TIC para o fomento de hábitos que eviten o acceso a contidos dixitais sexistas e discriminatorios. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Cultura ⇒ Escola Infantil Municipal ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Alumnado participante por sexo, curso/etapa educativa • Profesorado participante por sexo • Nº de nais e pais participantes
Medida 1.1.4	Impulso á creación dunha Escola de Nais e pais para o fomento da educación en igualdade e o apoio no desenvolvemento de actividades que contribúan á erradicación de roles e estereotipos de xénero (corresponsabilidade no fogar e nos coidados, eleccións formativas e vitais non sexistas, tolerancia ante a diversidade sexual, violencia de xénero etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Cultura ⇒ Escola Infantil Municipal ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de nais e pais participantes
Medida 1.1.5	Reforzar a transversalidade de xénero nos programas municipais educativos e de lecer desde un enfoque participativo que anime á rapazada a implicarse no desenvolvemento do V Plan. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Xuventude ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas por programa/servizo municipal • Nenos, nenas e adolescentes participantes por sexo



OBXECTIVO OPERATIVO 1.2	Proseguir co labor de sensibilización do conxunto da cidadanía sobre a igualdade entre mulleres e homes e a superación de roles e estereotipos de xénero.
Medida 1.2.1	Continuidade da actividade municipal para a sensibilización da poboación en materia de igualdade entre mulleres e homes (actos conmemorativos, campañas, charlas, exposicións etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo
Medida 1.2.2	Impulso de accións para a igualdade en novos formatos e desde un enfoque participativo que fomenten, en especial, a implicación da poboación masculina. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo
Medida 1.2.3	Aumento da dotación de bibliografía en materia de igualdade, estudos de xénero e literatura escrita por mulleres co obxecto de conformar unha sección feminista na biblioteca municipal. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Biblioteca municipal INDICADORES: • Nº de libros e outros fondos adquiridos • Creación da sección feminista na biblioteca municipal (comprobación)

7.2 ÁREA ESTRATÉXICA 2. DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E COA CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE.

Co obxectivo estratéxico desta segunda área estratéxica o V Plan de Igualdade do Concello de Boqueixón pretende seguir favorecendo a empregabilidade das mulleres e a súa permanencia na esfera laboral en condicións de igualdade, á vez que se promoven as condicións para compatibilizar o traballo e a vida privada desde un enfoque de corresponsabilidade.

A día de hoxe persisten desequilibrios na esfera do traballo remunerado que impiden falar de plena igualdade entre mulleres e homes: menor taxa de actividade feminina, maior desemprego, desigualdades retributivas e múltiples obstáculos que dificultan que as mulleres desenvolvan a actividade profesional ao longo das distintas etapas da vida, que lastran as traxectorias laborais e a independencia económica das mulleres.

Por iso, os poderes públicos non deben cesar nos esforzos por favorecer a participación das mulleres na actividade económica. E no marco do primeiro obxectivo específico está previsto que o Concello continúe nesta liña de acción e promova o acceso e a permanencia das mulleres no mercado laboral e apoie distintas fórmulas de empregabilidade.

Manterase a oferta de programas de emprego dirixidos á capacitación das mulleres e en especial daquelas con maiores dificultades de acceso á esfera do traballo remunerado (mulleres con menor nivel formativo, en situación de vulnerabilidade, mulleres maiores, con discapacidade etc.).

Ademais, cómpre seguir desenvolvendo accións formativas en competencias básicas que posibiliten o acceso das mulleres con maiores dificultades de inserción á formación ocupacional regrada ou ao mercado de traballo.

A día de hoxe é imprescindible a capacitación no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, pero esas accións deben adaptarse aos distintos niveis de coñecemento das mulleres e, nun enfoque laboral, ter en conta as esixencias máis frecuentes no mercado de traballo.

Noutra liña de actuación, o Concello vai seguir apoiando o autoemprego e o emprendemento das mulleres, como alternativas ao emprego por conta allea e como impulso da actividade económica na contorna, a través de distintas fórmulas, entre elas as da economía social, de crecente implantación en contornas rurais como a deste concello.

O segundo obxectivo específico céntrase no apoio á conciliación corresponsable da poboación de Boqueixón.

O mantemento da oferta de recursos municipais para facilitar que as familias poidan compatibilizar o traballo co coidado dos seus fillos e fillas ao longo do curso escolar e nos

períodos vacacionais, e reforzalos, no caso de novas necesidades e demandas, é unha das principais medidas a desenvolver.

Ademais, impulsárase o fortalecemento dos recursos para a atención ao envellecemento e a dependencia que permitan que as persoas traballadoras poidan conciliar, de maneira que a esfera dos coidados, habitualmente asumida polas mulleres, non constitúa un obstáculo para a súa permanencia na esfera laboral.

Por iso, é importantísimo fomentar a corresponsabilidade e poñer en valor o traballo doméstico e de coidados entre o conxunto da poboación. Só fomentando a asunción equilibrada das responsabilidades familiares poderase acabar co desequilibrio no uso dos tempos por parte de mulleres e homes, así como poñer fin ao lastre histórico que dificulta a incorporación e a permanencia das mulleres no traballo remunerado en condicións de igualdade.

Nesta tarefa debe implicarse a sociedade no seu conxunto, polo que tamén está previsto desenvolver actividades de fomento racionalización horaria e a implantación de medidas de conciliación corresponsable dirixidas ao empresariado local.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO

Favorecer a empregabilidade das mulleres e a súa permanencia na esfera laboral en condicións de igualdade, á vez que se promoven as condicións para compatibilizar o traballo e a vida privada desde un enfoque de corresponsabilidade.

OBXECTIVO OPERATIVO 2.1	Promover o acceso e permanencia das mulleres no mercado laboral e apoiar distintas fórmulas de participación na actividade económica.
Medida 2.1.1	Mantemento da oferta de programas de mellora da empregabilidade, en especial para as mulleres con maior dificultade de acceso ao mercado de traballo.
	ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Formación e emprego
	INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo e acción formativa
Medida 2.1.2	Continuidade das accións de apoio ao autoemprego e o emprendemento mediante o asesoramento e acompañamento ao longo de todo o proceso.
	ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Formación e emprego
	INDICADORES: • Nº e tipo de consultas realizadas por sexo • Nº e tipo de persoas participantes no programa por sexo • Nº e tipo de ideas de negocio consolidadas por sexo • Nº e tipo de negocios implantados por sexo



OBXECTIVO OPERATIVO 2.1	Promover o acceso e permanencia das mulleres no mercado laboral e apoiar distintas fórmulas de participación na actividade económica.
Medida 2.1.3	Organización de actividades e espazos de encontro (foros, charlas, etc.) para a divulgación de experiencias relacionadas co emprendemento, o cooperativismo e outras fórmulas da economía social no medio rural. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Formación e emprego INDICADORES: • Nº e tipo de accións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo
Medida 2.1.4	Posta en marcha de axudas para o establecemento de novos negocios no municipio. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Formación e emprego INDICADORES: • Axuda implantada • Nº de persoas beneficiarias por sexo • Nº e tipo de negocios impulsados segundo o sector de actividade
Medida 2.1.5	Reforzamento da oferta formativa para o manexo das tecnoloxías da información e da comunicación adaptada ás diferentes necesidades e niveis de coñecemento das mulleres ás demandas actuais do mercado de traballo. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Formación e emprego INDICADORES: • Nº e tipo de accións formativas realizadas • Nº de persoas participantes por sexo
Medida 2.1.6	Continuidade das accións formativas en competencias básicas que posibiliten o acceso das mulleres en risco de exclusión social á formación ocupacional regrada e/ou ao mercado laboral. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Formación e emprego INDICADORES: • Nº e tipo de accións formativas realizadas • Nº de persoas participantes por sexo

OBXECTIVO OPERATIVO 2.2	Fomentar a corresponsabilidade e facilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar da poboación de Boqueixón.
Medida 2.2.1	Mantemento da oferta de recursos municipais que facilitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral durante o curso escolar e nos períodos vacacionais, e reforzalos, no seu caso, a partir das demandas e necesidades reais das familias do concello. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Xuventude ⇒ Servizos Sociais ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de programas/servizos en vigor • N.º de prazas ofertadas • N.º de solicitudes presentadas • Nº de menores participantes por sexo
Medida 2.2.2	Continuidade da actividade informativa sobre recursos e axudas das distintas administracións para facilitar a conciliación, a atención á infancia e o coidado de persoas en situacións de dependencia. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Servizos Sociais ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de recursos e axudas difundidas • Canles de comunicación utilizadas
Medida 2.2.3	Impulso á creación de novos recursos ou ampliación dos existentes en materia de apoio ao coidado de persoas maiores e atención á dependencia para facilitar a conciliación das persoas traballadoras e facilitar a permanencia das mulleres na esfera laboral. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Servizos Sociais INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Novos recursos implantados • Recursos ampliados (horas de SAF etc.) • Nº de persoas beneficiarias por sexo
Medida 2.2.4	Desenvolvemento de campañas de sensibilización para o fomento da corresponsabilidade e a posta en valor do traballo doméstico e dos coidados. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo



OBXECTIVO OPERATIVO 2.2	Fomentar a corresponsabilidade e facilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar da poboación de Boqueixón.
Medida 2.2.5	Realización de actividades informativas para o fomento da racionalización horaria e a implantación de medidas de conciliación corresponsable dirixidas ao empresariado local.
	ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Formación e emprego ⇒ Centro de Información ás Mulleres
	INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de empresas participantes • Nº de persoas participantes por sexo • Canles de comunicación/soportes informativos empregados

7.3 ÁREA ESTRATÉXICA 3. BENESTAR E CALIDADE DE VIDA

Dedícase esta terceira área estratéxica á promoción do benestar integral das mulleres a través de políticas inclusivas, de prevención e de coidado da saúde, e a contribuír á conformación de contornas máis amigables e seguras mediante a introdución da perspectiva da xénero no deseño e conservación dos espazos e nas infraestruturas.

Como primeiro obxectivo específico, vanse seguir fomentando estilos de vida saudables desde unha perspectiva de xénero que contribúan ao benestar físico e psicosocial, e procurando a descentralización das actividades que se deseñen.

Así, está previsto desenvolver actividades de fomento de hábitos saudables e de autocoidado e introducir o enfoque de xénero nas actividades de carácter informativo e divulgativo sobre problemas de saúde, que poñan de relevo as diferenzas na afectación en mulleres e homes.

Atendendo ás distintas etapas vitais, non pode esquecerse o labor preventivo entre as persoas máis novas, enfocado á promoción de hábitos saudables e á prevención de trastornos e condutas aditivas de toda índole (anorexia e bulimia, consumo de alcohol e drogas, ludopatía, abuso das TIC etc.).

Ademais, darase continuidade as distintas programacións municipais, de constatada aceptación e interese, como son os programas de autocoidado para as persoas coidadoras, de prevención da dependencia e de fomento da actividade física.

Como segundo obxectivo, Concello de Boqueixón continuará comprometido coas persoas máis vulnerables, facilitará o acceso aos recursos e dará apoio ás situacións de precariedade que afecta a moitas familias, en boa parte dos casos, fogares monoparentais encabezados por mulleres.

Por último, a través dun terceiro obxectivo quérese contribuír a unha contorna segura e accesible para o conxunto da poboación, adaptada ás necesidades de todas as persoas en toda a súa diversidade. Cómpre, para iso, introducir a perspectiva de xénero no deseño das infraestruturas, a mobilidade e na planificación urbanística.

Así, estudaranse e impulsaranse intervencións para a mellora da accesibilidade e da seguridade no termo municipal e nos distintos espazos de uso público. Ademais, teranse en conta as necesidades de mobilidade da poboación; como é sabido, necesidades que afectan principalmente ás mulleres no rural, cando non dispoñen de medio de transporte propio.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO

Promover o benestar integral das mulleres a través de políticas inclusivas, de prevención e de coidado da saúde, e contribuír á conformación de contornas máis amigables e seguras mediante a introdución da perspectiva da xénero no deseño e conservación dos espazos e nas infraestruturas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1	Fomentar estilos de vida saudables desde unha perspectiva de xénero que contribúan ao benestar físico e psicosocial, procurando a descentralización das actividades.
Medida 3.1.1	Desenvolvemento de actividades para a promoción de hábitos saudables e de autocoidado adaptadas ás distintas etapas do ciclo vital (menopausa, osteoporose, trastornos alimenticios etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Servizos Sociais ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo
Medida 3.1.2	Organización de actividades divulgativas sobre problemas de saúde con perspectiva de xénero, para a transmisión de información que poña de relevo as diferenzas entre mulleres e homes na afectación das doenzas (incidencia, sintomatoloxía, causas, desenvolvemento dos procesos etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Servizos Sociais ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo
Medida 3.1.3	Realización de actividades de fomento de hábitos saudables e prevención de condutas aditivas con perspectiva de xénero (alimentación, actividade física e todo tipo de adiccións: consumo de alcohol e drogas, xogo, abuso das TIC, videoxogos etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Servizos Sociais ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo e grupos de idade
Medida 3.1.4	Continuidade das accións dirixidas á mellora da saúde física e o benestar emocional das persoas coidadoras. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Servizos Sociais ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1	Fomentar estilos de vida saudables desde unha perspectiva de xénero que contribúan ao benestar físico e psicosocial, procurando a descentralización das actividades.
Medida 3.1.5	Mantemento e reforzamento, no seu caso, do Programa dirixido á prevención da dependencia, para mellorar autonomía das persoas maiores e previr o seu illamento social. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Servizos Sociais ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº de persoas participantes por sexo
Medida 3.1.6	Continuidade da oferta de programas de fomento da actividade física (ximnasia para maiores, bailoterapia, zumba etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Deportes ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo e grupos de idade
OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.2	Facilitar o acceso aos recursos sociais existentes, en particular para as mulleres que se atopan nunha situación de vulnerabilidade.
Medida 3.2.1	Mantemento e ampliación, no seu caso, dos criterios favorecedores no acceso a recursos municipais para persoas en situación de dificultade ou con escasos recursos (mulleres soas con fillas e fillos a cargo, en situación de desemprego, violencia de xénero etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Servizos Sociais ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de familias/persoas beneficiarias por sexo
Medida 3.2.2	Desenvolvemento de actividades para a adquisición de habilidades sociais básicas para a vida diaria desde un enfoque de corresponsabilidade (xestión do orzamento familiar, organización doméstica, crianza etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Servizos Sociais INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.3	Contribuír á conformación de espazos seguros e amigables adaptados ás necesidades de todas as persoas, a través da incorporación da perspectiva de xénero nas políticas de planificación urbanística, infraestruturas e mobilidade.
Medida 3.3.1	Incorporación do enfoque de xénero nos plans urbanísticos e no deseño de infraestruturas e equipamentos públicos. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Urbanismo INDICADORES: • Nº e tipo de criterios incluídos na planificación, pregos etc. • Nº e tipo de actuacións realizadas
Medida 3.3.2	Estudo e avaliación de zonas críticas no municipio para a mellora da accesibilidade e a seguridade (escasa iluminación e visibilidade en camiños, paradas de autobús etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Obras e Servizos INDICADORES: • Realización das comprobacións • Nº e tipo de necesidades detectadas e avaliadas • Nº e tipo de intervencións realizadas
Medida 3.3.3	Realización de intervencións para a mellora dos espazos públicos (parques infantís, edificios de xestión municipal, pavimentacións etc.). que faciliten a mobilidade e a accesibilidade das persoas, especialmente das persoas con mobilidade reducida, as que realizan tarefas de coidado, persoas maiores, nenos e nenas de curta idade etc. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Urbanismo ⇒ Obras e Servizos INDICADORES: • Realización das comprobacións • Nº e tipo de necesidades detectadas e avaliadas • Nº e tipo de intervencións realizadas
Medida 3.3.4	Estudo e consideración das necesidades de mobilidade da poboación e dos horarios do transporte público na planificación das actividades municipais. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Todos os departamentos implicados na organización de servizos e actividades INDICADORES: • Análise dos horarios das liñas de transporte • Análise das necesidades de mobilidade da poboación usuaria dos servizos/programas municipais • Adaptacións horarias realizadas

7.4 ÁREA ESTRATÉXICA 4. PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE E CIDADANÍA ACTIVA.

A través desta área estratéxica o Concello de Boqueixón quere seguir contribuíndo ao fomento da presenza e a participación das mulleres en todas as esferas da sociedade, ao tempo que se pon en valor ás súas achegas nos distintos ámbitos, tantas veces invisibilizadas.

Como primeiro obxectivo establécese o impulso da participación social das mulleres de todas as idades e o apoio para o seu apoderamento. Neste marco xeral, terán continuidade as distintas actividades municipais que estimulan a socialización das mulleres e fomentan a súa autonomía.

No plano da organización das actividades culturais e de lecer procurárase reforzar o enfoque de xénero, de maneira que se favoreza a participación equilibrada de mulleres e homes nas distintas actividades.

É importante, neste sentido, apoiar a consideración deste enfoque na planificación das actividades, polo que outra das medidas propostas será a incorporación de criterios de valoración positiva da perspectiva de xénero nos proxectos das asociacións e entidades que concorren a subvencións municipais.

No traballo coa mocidade tamén se fortalecerá o enfoque de xénero e darase continuidade ás accións de fomento do voluntariado xuvenil.

Ademais da actividade social e cultural, no eido deportivo impulsaranse iniciativas que fomenten o deporte igualitario entre a infancia e a mocidade, contribúan á ruptura de estereotipos vinculados á práctica das distintas disciplinas por un e outro sexo e fomenten a continuidade das rapazas na actividade deportiva.

A perspectiva de xénero debe impregnar, neste sentido, toda a actividade que o Concello despregue en materia de fomento do deporte, de tal maneira que se visibilice, recoñeza e a apoie por igual o deporte masculino e feminino.

E como segundo obxectivo específico, impulsaranse, dunha banda, actuacións de fomento da presenza de mulleres nas estruturas de participación e decisión das distintas entidades e asociacións do municipio. Doutra, contribuírase a visibilizar e poñer en valor o talento e as achegas das mulleres nos distintos ámbitos, especialmente das mulleres de Boqueixón, tanto no pasado como no momento presente.

OBXECTIVO EXTRATÉXICO

Favorecer a participación das mulleres e a presenza igualitaria en todos os ámbitos, á vez que se contribúe ao seu apoderamento, recoñecemento e visibilización das súas contribucións pasadas e presentes.

OBXECTIVO OPERATIVO 4.1	Impulsar a participación activa das mulleres nas distintas esferas da vida social, cultural e deportiva, ao tempo que se favorece o apoderamento individual e colectivo.
Medida 4.1.1	Desenvolvemento de actividades que fomenten o apoderamento das mulleres e a súa autonomía. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de mulleres participantes • Entidades/asociacións implicadas
Medida 4.1.2	Organización de actividades culturais e de lecer que favorezan a socialización e nas que se propicie a participación equilibrada de mulleres e homes (teatro, música, baile etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo
Medida 4.1.3	Continuidade das accións de fomento do voluntariado entre a xuventude desde unha perspectiva de xénero. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Xuventude INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Mocidade participante nos programas de voluntariado por sexo (evolución)
Medida 4.1.4	Introdución de criterios de valoración positiva da perspectiva de xénero nos proxectos das asociacións e entidades que concorren a subvencións de carácter municipal. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Cultura ⇒ Deportes ⇒ Xuventude ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Criterios introducidos • Nº de subvencións que incorporan criterios de perspectiva de xénero • Nº de proxectos presentados con perspectiva de xénero/total de proxectos

OBXECTIVO OPERATIVO 4.1	Impulsar a participación activa das mulleres nas distintas esferas da vida social, cultural e deportiva, ao tempo que se favorece o apoderamento individual e colectivo.
Medida 4.1.5	Impulso de iniciativas que fomenten o deporte igualitario entre a infancia e a mocidade e contribúan á ruptura de estereotipos vinculados á práctica das distintas disciplinas deportivas por un e outro sexo. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Deportes ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Entidades deportivas/asociacións colaboradoras
Medida 4.1.6	Incorporación do enfoque de xénero á actividade municipal en materia deportiva, para a visibilización e o recoñecemento igualitario de mulleres e homes no deporte (organización de eventos, establecemento de premios, apoio a entidades deportivas etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Deportes ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas
OBXECTIVO OPERATIVO 4.2	Fomentar a presenza e participación equilibrada de mulleres e homes nas distintas estruturas de participación e decisión, poñendo en valor o talento e liderado feminino.
Medida 4.2.1	Impulso de actuacións para estimular a presenza de mulleres nos órganos directivos e de representación de asociacións do concello. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Cultura INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de mulleres en cargos directivos das organizacións (evolución)
Medida 4.2.2	Desenvolvemento de accións de visibilización do talento das mulleres nos distintos ámbitos (cultura, ciencia, deporte, investigación, política etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Cultura ⇒ Deportes ⇒ Turismo ⇒ Formación e emprego ⇒ Xuventude ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo

OBXECTIVO OPERATIVO 4.2	Fomentar a presenza e participación equilibrada de mulleres e homes nas distintas estruturas de participación e decisión, poñendo en valor o talento e liderado feminino.
Medida 4.2.3	Organización de encontros e actividades interxeracionais para a transmisión de coñecementos e o recoñecemento das achegas das mulleres maiores nos distintos ámbitos (traballos agrarios, fala, gastronomía, cultura etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo e grupos de idade • Entidades/asociacións implicadas
Medida 4.2.4	Deseño e posta en marcha de programacións turísticas e culturais con perspectiva de xénero e de posta en valor das contribucións das mulleres ao patrimonio material e inmaterial de Boqueixón. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Cultura ⇒ Turismo INDICADORES: • Nº e tipo de actualización realizadas • Nº de persoas participantes por sexo

7.5 ÁREA ESTRATÉXICA 5. SENSIBILIZACIÓN E INTERVENCIÓN PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Nas últimas décadas, a expresión máxima da desigualdade entre mulleres e homes, a violencia de xénero, veu acadando un rexeitamento social cada vez maior. A isto contribuíu a sociedade no seu conxunto, cun impulso significativo por parte dos distintos poderes públicos, incluídas as institucións municipais, que teñen agora recoñecida como competencia propia o desenvolvemento de actuacións contra a violencia de xénero, tras a reforma introducida na Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a raíz da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O concello de Boqueixón, comprometido coa eliminación das violencias machistas, veu traballando neste ámbito de forma constante e vai a seguir facéndoo nos vindeiros anos para aumentar a concienciación e a denuncia das distintas formas de violencia contra as mulleres. Sen dúbida, a violencia de xénero constitúe a forma máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes, un fenómeno que segue afectando a mulleres de todas as idades, de todos os ámbitos e contextos e de todos os estratos económicos e sociais e, de forma especial moitas veces, nas zonas máis rurais. Continuar sensibilizando á sociedade para a súa toma de conciencia e denuncia de todas as formas de violencia e reforzar a prevención, é o principal obxectivo desta área.

Cómpre seguir desenvolvendo accións dirixidas á concienciación cidadá para acadar un verdadeiro rexeitamento social de todas as formas de violencia de xénero. Así, a violencia sexual, a violencia contra as persoas LGTBI, a violencia que se manifesta a través das novas tecnoloxías etc., deben ser obxecto de abordaxe para a mellora do coñecemento e da súa identificación por parte de todas as persoas. A prevención é polo tanto, esencial, polo que é preciso seguir traballando nela a través de idades temperás, fomentando desde a infancia os valores de respecto e o rexeitamento de todas as formas de violencia machista; por iso, se seguirá traballando coa comunidade educativa.

En relación coa atención e coordinación, seguirase a impulsar a colaboración dos e das profesionais implicados na intervención neste ámbito a través da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero. Tamén se dará continuidade ás accións de apoio, asesoramento e derivación a recursos especializados para mulleres vítimas de violencia e persoas ao seu cargo.

Prestarase especial atención á difusión de información e recursos e contemplaranse medidas positivas dirixidas a priorizar o acceso a diferentes servizos municipais a mulleres vítimas de violencia de xénero, así como aos seus fillos e fillas e/ou maiores dependentes

Seguirán proporcionándose os servizos de apoio de atención integral ás vítimas de violencia de xénero desde o Centro de Información ás Mulleres e outros departamentos -atención psicolóxica, soporte e asesoramento xurídico e orientación e emprego-.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO

Continuar co labor de sensibilización social, toma de conciencia e denuncia de todas as formas de violencia contra as mulleres e reforzar os mecanismos de prevención e apoio ás vítimas.

OBXECTIVO OPERATIVO 5.1	Sensibilizar ao conxunto da sociedade sobre a violencia contra as mulleres/violencias machistas mediante accións que contribúan ao seu rexeitamento social e á súa prevención.
Medida 5.1.1	Continuidade das accións de sensibilización e prevención en materia de violencia de xénero a través de accións informativas e formativas que contribúan á súa identificación e denuncia. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo
Medida 5.1.2	Desenvolvemento de accións de concienciación e denuncia das diferentes formas de violencia sexual contra as mulleres (trata, agresións sexuais, violencia LGTBQI etc.) e sobre a liberdade sexual das mulleres que fomenten a convivencia pacífica e igualitaria. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • N.º e tipo de actuacións realizadas • N.º de persoas participantes por sexo
Medida 5.1.3	Continuidade das accións de prevención da violencia de xénero dirixidas á comunidade educativa, incidindo na identificación das violencias dixitais e as violencias sexuais. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Todos os departamentos INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións realizadas • Nº de persoas participantes por sexo e colectivo (alumnado, profesorado, familias)

OBXECTIVO OPERATIVO 5.2	Reforzar a atención e a coordinación dos procesos de detección e atención ás vítimas de violencia de xénero e das persoas ao seu cargo
Medida 5.2.1	Continuidade da Mesa Local de coordinación interinstitucional contra a Violencia de xénero.
	ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Centro de Información ás Mulleres ⇒ Servizos Sociais
	INDICADORES: • N.º de reunións realizadas • N.º de persoas participantes por sexo e colectivo • Acordos tomados • Medidas aplicadas
Medida 5.2.2	Reforzamento das accións de apoio e atención integral ás as mulleres vítimas de violencia e persoas ao seu cargo.
	ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Centro de Información ás Mulleres ⇒ Servizos Sociais ⇒ Formación e emprego
	INDICADORES: • N.º e tipo de actuacións realizadas • N.º de persoas beneficiarias por sexo
Medida 5.2.3	Inclusión de medidas positivas dirixidas a priorizar o acceso a diferentes servizos municipais a mulleres vítimas de violencia de xénero, así como aos seus fillos e fillas e/ou maiores dependentes; e a súa inserción sociolaboral.
	ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Servizos Sociais ⇒ Formación e emprego ⇒ Cultura ⇒ Deporte ⇒ Turismo ⇒ Xuventude ⇒ Centro de Información ás Mulleres.
	INDICADORES: • N.º e tipo de cláusulas introducidas • N.º de persoas beneficiarias por sexo

7.6 Área estratéxica 6. Transversalidade de xénero na actuación do Concello

Esta liña estratéxica ten como obxectivo xeral profundar nun modelo de gobernanza local que favoreza a igualdade entre mulleres e homes a través do reforzamento do enfoque de xénero en toda a acción municipal.

Isto implica que tanto o persoal político como o técnico interioricen e asuman que a institución municipal debe ser un modelo de referencia para o resto da sociedade, e incorporar necesariamente o principio de igualdade e a transversalidade de xénero na dimensión interna, tanto nos aspectos organizativos como na actuación administrativa e nas relacións co conxunto da cidadanía e axentes sociais.

É por iso que, ademais de fomentar o desenvolvemento deste plan a través dunha acción máis coordinada e na que se atopen implicadas todas as áreas municipais, reforzaranse aspectos organizativos e de funcionamento interno, por exemplo, a través do impulso dunha participación equilibrada de mulleres e homes en órganos, comisións, tribunais nos distintos ámbitos.

Ademais, a interiorización da transverslidade de xénero e a súa aplicación ao conxunto da actuación administrativa (plans, procedementos de contratación, orzamentos etc.) require da adecuada formación en materia de igualdade. Esta formación debe adaptarse ás necesidades e particularidades dos distintos postos de responsabilidade, e estará dirixida tanto ao persoal técnico como ao persoal político, tan importante nas decisións que afectan ao concello.

É por isto que está previsto incidir nesta dimensión a través accións formativas adaptadas, así como mediante o requirimento de coñecementos básicos na materia nos procesos selectivos que convoque o Concello.

Outra importante dimensión para avanzar na igualdade desde a Administración municipal é a da comunicación institucional. Para iso, vanse desenvolver distintas accións que reforcen o compromiso do Concello de Boqueixón coa igualdade, máis alá da difusión do presente plan entre o conxunto da sociedade civil. Continuarase coa revisión periódica dos contidos da web municipal e crearase un espazo específico na web municipal para a información sobre recursos, servizos e actualidade en materia de igualdade de xénero

Así mesmo, consolidarase a revisión de todos os documentos administrativos, comunicacións internas e externas e materiais da institución para a incorporación do enfoque de xénero e de linguaxe e imaxes plenamente inclusivas.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO

Consolidar un modelo de gobernanza en favor da igualdade entre mulleres e homes mediante a incorporación da transversalidade do enfoque de xénero ao conxunto da acción municipal.

OBXECTIVO OPERATIVO 6.1	Incorporar a perspectiva de xénero e o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes en todos os procesos da organización municipal.
Medida 6.1.1	Creación de espazos e instrumentos de coordinación entre os diferentes departamentos municipais para lograr a súa implicación no desenvolvemento das medidas do plan. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Alcaldía/Concellería con competencia en igualdade ⇒ Centro de Información ás Mulleres ⇒ Resto de departamentos implicados no plan INDICADORES: • N.º e tipo de espazos/instrumentos • N.º de departamentos participantes • N.º de reunións realizadas • N.º de persoas participantes por sexo
Medida 6.1.2	Realización de accións formativas en xénero dirixidas tanto ao persoal técnico como político do Concello, para a mellora da introdución da perspectiva de xénero na acción municipal (na elaboración de programas, proxectos, orzamentos, informes de impacto de xénero, utilización da linguaxe non sexista etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Alcaldía ⇒ Concellería con competencia en igualdade ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • N.º de accións formativas realizadas • N.º de persoas participantes por sexo, posto de traballo e/ou tipo de responsabilidade
Medida 6.1.3	Continuidade e reforzamento, no seu caso, da incorporación sistemática da variable sexo nos procesos de recollida e xeración de información de todas as áreas municipais (estadísticas, informes etc.). ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Todos os departamentos INDICADORES: • Listaxe da tipoloxía de procesos que inclúen a variable sexo • N.º e tipo de actuacións de reforzo realizadas

OBXECTIVO OPERATIVO 6.1	Incorporar a perspectiva de xénero e o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes en todos os procesos da organización municipal.
Medida 6.1.4	Inclusión da normativa en materia de igualdade de xénero nos programas dos procesos selectivos convocados polo Concello. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Persoal INDICADORES: • Introducción da normativa por tipo de convocatoria de emprego • N.º de procesos selectivos realizados coa devandita normativa
Medida 6.1.5	Introdución de criterios de xénero nos pregos de condicións das contratacións e nas convocatorias de axudas e subvencións dos diferentes departamentos municipais. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Todos os departamentos INDICADORES: • N.º e tipo de criterios en bases de contratación/subvencións
Medida 6.1.6	Impulso dunha participación equilibrada de mulleres e homes nos órganos de Goberno, comisións municipais, xurados de certames etc. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Alcaldía ⇒ Todos os departamentos INDICADORES: • N.º de órganos con composición equilibrada por tipoloxía • N.º de persoas participantes por sexo
OBXECTIVO ESPECÍFICO 6.2	Consolidar unha comunicación institucional plenamente inclusiva e con enfoque de xénero.
Medida 6.2.1	Difusión do V Plan de igualdade entre mulleres e homes do Concello de Boqueixón entre o conxunto da cidadanía, axentes socioeconómicos do municipio e persoa técnico e político da institución. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Cultura ⇒ Deportes ⇒ Servizos Sociais ⇒ Turismo ⇒ Xuventude ⇒ Formación e emprego ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • N.º e tipo de actuacións realizadas (presentacións, cartas de comunicación, anuncios en prensa etc.) • Colectivos/centros destinatarios



OBXECTIVO ESPECÍFICO 6.2	Consolidar unha comunicación institucional plenamente inclusiva e con enfoque de xénero.
Medida 6.2.2	Reforzo da utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas en todos os documentos administrativos, comunicacións internas e externas e materiais do Concello de Boqueixón. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Todos os departamentos INDICADORES: • Nº e tipo de actuacións de reforzo realizadas • Nº de documentos e materiais revisados
Medida 6.2.3	Continuidade da revisión periódica da páxina web do Concello para a incorporación da perspectiva de xénero á exposición e organización de todos os contidos, velando pola utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Informática/ servizo de comunicación ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Realización da revisión • Nº de contidos modificados/actualizados con perspectiva de xénero • Creación do apartado web • Nº de contidos incorporados/actualizados
Medida 6.2.4	Creación dun espazo permanente e visible na web municipal para a información sobre recursos, servizos e actualidade en materia de igualdade de xénero. ÁREA RESPONSABLE: ⇒ Informática/ servizo de comunicación ⇒ Centro de Información ás Mulleres INDICADORES: • Creación da sección web • N.º de contidos incorporados/actualizados

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

No ámbito das políticas públicas resulta esencial impulsar procesos de monitorización e avaliación dos instrumentos de planificación postos en marcha. Así, para coñecer o grao de cumprimento e a efectividade das actuacións programadas ao abeiro do presente plan propónse o desenvolvemento de dous procesos complementarios: o seguimento e a avaliación final do conxunto das accións programadas.

Ambos os dous procesos, seguimento e avaliación, serán impulsados desde o propio CIM, en coordinación con todos os departamentos implicados. En relación con isto configurarase un **grupo coordinador do plan de igualdade**. O dito grupo ocuparase de:

- Impulsar e supervisar o desenvolvemento do V Plan.
- Canalizar a información desde os distintos departamentos do Concello, activando os mecanismos de coordinación interdepartamental que sexan necesarios.
- Canalizar a información desde e para os diferentes axentes sociais, de ser o caso.
- Informar sobre as accións programadas e executadas anualmente en materia de igualdade, de cara á elaboración dun informe anual de seguimento do plan.
- Presentar e difundir os resultados da avaliación final do plan.

PROCESO DE SEGUIMIENTO

O seguimento debe entenderse como un proceso de avaliación continua, en tanto que servirá para corrixir, reorientar, reformular ou manter, se é o caso, as actuacións desenvolvidas a partir dos resultados conseguidos.

Realizarase un seguimento do plan con carácter anual, a partir do seu primeiro ano de vixencia. Os resultados plasmaranse no correspondente informe de seguimento que integrará as accións desenvolvidas polos diferentes departamentos e que se adaptará ao deseño do plan, estruturado en liñas estratéxicas e obxectivos específicos.

O seguimento permitirá realizar axustes e modificación no caso de ser necesarios.

PROCESO DE AVALIACIÓN

A avaliación final permite coñecer o grao de execución do plan, os seus resultados e o impacto sobre a poboación destinataria das medidas, axentes implicados, institucións e conxunto da sociedade, de maneira que este coñecemento faga posible valorar a pertinencia da

continuidade das accións. Englobará a totalidade do plan, polo que deberá ter en conta toda as accións levadas a cabo durante o período 2023-2026

Para medir con obxectividade o cumprimento de obxectivos e o impacto do plan sobre a igualdade de xénero no concello é recomendable que a avaliación a realice unha entidade externa á Administración municipal. O obxectivo é analizar toda a información obtida a través do proceso de seguimento, así como outros datos que verifiquen o nivel de consecución dos obxectivos previstos e o grao de satisfacción dos distintos axentes implicados na súa posta en marcha e, se é o caso, da poboación beneficiaria.

A avaliación final, que se levará a cabo ao remate da vixencia do plan, plasmarase nun informe de resultados que valore o nivel de execución do plan e conterá unha memoria descritiva das actuacións levadas a cabo no marco do V Plan que dará conta de:

- O grao de execución das áreas estratéxicas e obxectivos.
- O nivel de desenvolvemento das accións emprendidas.
- O grao de dificultade atopado/percibido no desenvolvemento das accións.
- Os cambios producidos nas accións e na execución do plan atendendo á súa flexibilidade.

Ademais, será un dos piares para elaborar o VI Plan de igualdade que continuará co labor de fomentar a igualdade de xénero entre a poboación municipal.

Para facilitar tanto o seguimento como a avaliación do plan disporase dunha ficha deseñada *ad hoc* (ver anexo 1 do documento), na que recoller información específica sobre cada actuación desenvolvida ao longo do seu período de vixencia.

SISTEMA DE INDICADORES

Os indicadores son ferramentas indispensables para dirixir a actividade das organizacións e alcanzar os obxectivos previstos.

A incorporación de indicadores á execución dun plan permite un seguimento do desenvolvemento das actuacións, así como dispoñer de información sobre os niveis de cumprimento dos obxectivos formulados e dos resultados esperados.

Para cada medida do plan establécense os indicadores correspondentes, e todos no seu conxunto, orientarán o seguimento continuado e a avaliación que levarán a cabo os departamentos responsables das accións que este plan recolle.

9. DIFUSIÓN

Unha vez aprobado en Pleno o V Plan de igualdade entre mulleres e homes do Concello Boqueixón, 2023-2026 o Concello publicaráo e daralle difusión a través de diferentes medios.

A difusión é un exercicio de vital importancia para dar a coñecer as medidas que se levarán a cabo nos próximos anos, os axentes implicados etc.; en definitiva, para conseguir a implicación da cidadanía en xeral e dos distintos colectivos nas iniciativas e accións previstas e/ou para a achega de novas propostas de acción ou mellora das xa previstas. Todo isto será decisivo para lograr un impacto social real e un grao alto de execución do plan de igualdade.

Ademais da publicación do V plan na Web do Concello, contarase con banner e cartel para a súa difusión tanto na web como nas redes sociais do Concello.

O obxectivo é que tanto persoal do Concello, como organizacións e entidades sociais, empresariado e a poboación, en xeral, teñan coñecemento non só da aprobación e posta en marcha dun novo plan de igualdade, senón tamén dos seus contidos.



ANEXO 1: FICHA PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO V PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN 2023-2026

INSTRUCCIÓN PARA A COBERTURA

Cubrirase unha ficha para cada actuación. Para unha axeitada cobertura é imprescindible dispoñer do documento do plan, e identificar correctamente a área estratéxica, obxectivo operativo e medida.

(A cobertura da ficha realizarase na ficha dixitalizada —e NON manualmente—, para o que deberá escribir nos espazos sombreados en gris).

DATOS DE CONTACTO DA PERSOA QUE COBRE A FICHA

Departamento/entidade:

Nome e apelido:

Cargo:

Enderezo electrónico:

Teléfono:

Data cobertura formulario:

DEPARTAMENTO MUNICIPAL/ENTIDADE OU ORGANISMO RESPONSABLE DA ACTUACIÓN

ÁREA ESTRATÉXICA NA QUE SE INCLÚE

☐ ÁREA 1 ☐ ÁREA 2 ☐ ÁREA 3 ☐ ÁREA 4 ☐ ÁREA 5 ☐ ÁREA 6

OBXECTIVO OPERATIVO NO QUE SE INCLÚE

☐ 1.1 ☐ 1.2 ☐ 2.1 ☐ 2.2 ☐ 3.1 ☐ 3.2 ☐ 3.3
☐ 4.1 ☐ 4.2 ☐ 5.1 ☐ 5.2 ☐ 6.1 ☐ 6.2

MEDIDA DO PLAN NA QUE SE INCLÚE (indicar os tres díxitos completos da medida ou medidas do V Plan nas que se encadra a actuación desenvolvida).

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN (nome completo da actuación desenvolvida).

DESCRIPCIÓN (información resumida e clara sobre a natureza, contexto e contido da actuación, beneficio ou recurso, así como sobre os obxectivos e necesidades ás que responde).

POBOACIÓN OU ENTIDADES DESTINATARIAS (describir de forma detallada a que persoas —ou colectivos— está dirixida a actuación ou, sé o caso, a que entidades/organizacións. Detallar as características sociodemográficas: poboación xeral, poboación infantil, adulta, persoas maiores, mocidade, persoas con discapacidade, só a mulleres (adolescentes, maiores, en situación de vulnerabilidade etc.), empresariado etc.

Persoas destinatarias:

Entidades/organizacións destinatarias:



NÚMERO DE PERSOAS PARTICIPANTES POR SEXO (desagregación por sexo sempre que sexa posible. Cando menos, realice unha estimación aproximada da realidade).

Mulleres

Homes

OUTROS INDICADORES (indicar os datos atendendo os indicadores recomendados no propio plan para a medida na que se encadra. Se non é posible axustar a información aos devanditos indicadores, detallar outros manexados).

LUGAR NO QUE SE DESENVOLVEU A ACTUACIÓN (indicar o lugar de realización: núcleo de Boqueixón e/ou nome completo da/s parroquia/s).

DATA DE REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN

Día e mes:

Ano:

☐

2023

☐

2024

☐

2025

☐

2026

DURACIÓN DA ACTUACIÓN Total horas:

RECURSOS ECONÓMICOS DEDICADOS (indicar o nome do/s departamento/s, entidades ou organismos que participaron no financiamento da actuación e o respectivo orzamento dedicado).

Nome do/s departamento/s ou entidade/s

Orzamento

€

€

SUXESTIÓNS/PROPOSTAS DE MELLORA (engadir os comentarios e suxestións que permitan a mellora, a corrección ou a modificación da actuación).

ANEXO 2: TÁBOA RESUMO DO PROGRAMA DE MEDIDAS

ÁREA ESTRATÉXICA 1. CAMBIO DE VALORES E MODELOS PARA A IGUALDADE

Obxectivo estratéxico: concienciar o conxunto da poboación sobre a necesidade dun novo modelo de sociedade plenamente igualitario e contribuír desde idades temperás á eliminación dos estereotipos e dos roles de xénero que perpetúan a desigualdade.

Obxectivo operativo 1.1 Fortalecer as accións coeducativas dirixidas á erradicación dos roles e estereotipos de xénero e a unha educación en igualdade que inclúa a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).	Medida 1.1.1 Continuidade da colaboración cos centros educativos do concello para o desenvolvemento de accións educativas, de información e sensibilización en materia de igualdade de xénero dirixidas ás distintas etapas educativas.
	Medida 1.1.2 Organización de actividades informativas (obradoiros, charlas etc.) en materia de educación afectivo-sexual adaptadas ás distintas etapas, dirixidas ao fomento de relacións afectivas en igualdade e á prevención das violencias sexuais.
	Medida 1.1.3 Desenvolvemento de accións formativas adaptadas aos distintos axentes que integran a comunidade educativa para un adecuado uso das TIC para o fomento de hábitos que eviten o acceso a contidos dixitais sexistas e discriminatorios.
	Medida 1.1.4 Impulso á creación dunha Escola de Nais e pais para o fomento da educación en igualdade e o apoio no desenvolvemento de actividades que contribúan á erradicación de roles e estereotipos de xénero (corresponsabilidade no fogar e nos coidados, eleccións formativas e vitais non sexistas, tolerancia ante a diversidade sexual, violencia de xénero etc.).
Obxectivo operativo 1.2 Proseguir co labor de sensibilización do conxunto da cidadanía sobre a igualdade entre mulleres e homes e a superación de roles e estereotipos de xénero.	Medida 1.1.5 Reforzar a transversalidade de xénero nos programas municipais educativos e de lecer desde un enfoque participativo que anime á rapazada a implicarse no desenvolvemento do V Plan.
	Medida 1.2.1 Continuidade da actividade municipal para a sensibilización da poboación en materia de igualdade entre mulleres e homes (actos conmemorativos, campañas, charlas, exposicións etc.).
	Medida 1.2.2 Impulso de accións para a igualdade en novos formatos e desde un enfoque participativo que fomenten, en especial, a implicación da poboación masculina.
	Medida 1.2.3 Aumento da dotación de bibliografía en materia de igualdade, estudos de xénero e literatura escrita por mulleres co obxecto de conformar unha sección feminista na biblioteca municipal.

ÁREA ESTRATÉXICA 2. DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E COA CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE

Obxectivo estratéxico: favorecer a empregabilidade das mulleres e a súa permanencia na esfera laboral en condicións de igualdade, á vez que se promoven as condicións para compatibilizar o traballo e a vida privada desde un enfoque de corresponsabilidade.

Obxectivo operativo 2.1 Promover o acceso e permanencia das mulleres no mercado laboral e apoiar distintas fórmulas de participación na actividade económica	Medida 2.1.1 Mantemento da oferta de programas de mellora da empregabilidade, en especial para as mulleres con maior dificultade de acceso ao mercado de traballo.
	Medida 2.1.2 Continuidade das accións de apoio ao autoemprego e o emprendemento mediante o asesoramento e acompañamento ao longo de todo o proceso.
	Medida 2.1.3 Organización de actividades e espazos de encontro (foros, charlas, etc.) para a divulgación de experiencias relacionadas co emprendemento, o cooperativismo e outras fórmulas da economía social no medio rural.
	Medida 2.1.4 Posta en marcha de axudas para o establecemento de novos negocios no municipio.
	Medida 2.1.5 Reforzamento da oferta formativa para o manexo das tecnoloxías da información e da comunicación adaptada ás diferentes necesidades e niveis de coñecemento das mulleres ás demandas actuais do mercado de traballo.
	Medida 2.1.6 Continuidade das accións formativas en competencias básicas que posibiliten o acceso das mulleres en risco de exclusión social á formación ocupacional regrada e/ou ao mercado laboral.
Obxectivo operativo 2.2 Fomentar a corresponsabilidade e facilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar da poboación de Boqueixón.	Medida 2.2.1 Mantemento da oferta de recursos municipais que facilitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral durante o curso escolar e nos períodos vacacionais, e reforzalos, no seu caso, a partir das demandas e necesidades reais das familias do concello.
	Medida 2.2.2 Continuidade da actividade informativa sobre recursos e axudas das distintas administracións para facilitar a conciliación, a atención á infancia e o coidado de persoas en situacións de dependencia.
	Medida 2.2.3 Impulso á creación de novos recursos ou ampliación dos existentes en materia de apoio ao coidado de persoas maiores e atención á dependencia para facilitar a conciliación das persoas traballadoras e facilitar a permanencia das mulleres na esfera laboral.
	Medida 2.2.4 Desenvolvemento de campañas de sensibilización para o fomento da corresponsabilidade e a posta en valor do traballo doméstico e dos coidados
	Medida 2.2.5 Realización de actividades informativas para o fomento da racionalización horaria e a implantación de medidas de conciliación corresponsable dirixidas ao empresariado local.

ÁREA ESTRATÉXICA 3. BENESTAR E CALIDADE DE VIDA

Obxectivo estratéxico: promover o benestar integral das mulleres a través de políticas inclusivas, de prevención e de coidado da saúde, e contribuír á conformación de contornas máis amigables e seguras mediante a introdución da perspectiva da xénero no deseño e conservación dos espazos e nas infraestruturas.

Obxectivo operativo 3.1 Fomentar estilos de vida saudables desde unha perspectiva de xénero que contribúan ao benestar físico e psicosocial, procurando a descentralización das actividades.	Medida 3.1.1 Desenvolvemento de actividades para a promoción de hábitos saudables e de autocoidado adaptadas ás distintas etapas do ciclo vital (menopausa, osteoporose, trastornos alimenticios etc.).
	Medida 3.1.2 Organización de actividades divulgativas sobre problemas de saúde con perspectiva de xénero, para a transmisión de información que poña de relevo as diferenzas entre mulleres e homes na afectación das doenzas (incidencia, sintomatoloxía, causas, desenvolvemento dos procesos etc.).
	Medida 3.1.3 Realización de actividades de fomento de hábitos saudables e prevención de condutas aditivas con perspectiva de xénero (alimentación, actividade física e todo tipo de adicións: consumo de alcohol e drogas, xogo, abuso das TIC, videoxogos etc.).
	Medida 3.1.4 Continuidade das accións dirixidas á mellora da saúde física e o benestar emocional das persoas coidadoras.
	Medida 3.1.5 Mantemento e reforzamento, no seu caso, do Programa dirixido á prevención da dependencia, para mellorar autonomía das persoas maiores e prever o seu illamento social.
	Medida 3.1.6 Continuidade da oferta de programas de fomento da actividade física (ximnasia para maiores, bailoterapia, zumba etc.).
Obxectivo operativo 3.2 Facilitar o acceso aos recursos sociais existentes, en particular para as mulleres que se atopan nunha situación de vulnerabilidade.	Medida 3.2.1 Mantemento e ampliación, no seu caso, dos criterios favorecedores no acceso a recursos municipais para persoas en situación de dificultade ou con escasos recursos (mulleres soas con fillas e fillos a cargo, en situación de desemprego, violencia de xénero etc.).
	Medida 3.2.2 Desenvolvemento de actividades para a adquisición de habilidades sociais básicas para a vida diaria desde un enfoque de corresponsabilidade (xestión do orzamento familiar, organización doméstica, crianza etc.).

ÁREA ESTRATÉXICA 3. BENESTAR E CALIDADE DE VIDA

Obxectivo estratéxico: promover o benestar integral das mulleres a través de políticas inclusivas, de prevención e de coidado da saúde, e contribuír á conformación de contornas máis amigables e seguras mediante a introdución da perspectiva da xénero no deseño e conservación dos espazos e nas infraestruturas.

Obxectivo operativo 3.3 Contribuír á conformación de espazos seguros e amigables adaptados ás necesidades de todas as persoas, a través da incorporación da perspectiva de xénero nas políticas de planificación urbanística, infraestruturas e mobilidade.

Medida 3.3.1 Incorporación do enfoque de xénero nos plans urbanísticos e no deseño de infraestruturas e equipamentos públicos.

Medida 3.3.2 Estudo e avaliación de zonas críticas no municipio para a mellora da accesibilidade e a seguridade (escasa iluminación e visibilidade en camiños, paradas de autobús etc.).

Medida 3.3.3 Realización de intervencións para a mellora dos espazos públicos (parques infantís, edificios de xestión municipal, pavimentacións etc.). que faciliten a mobilidade e a accesibilidade das persoas, especialmente das persoas con mobilidade reducida, as que realizan tarefas de coidado, persoas maiores, nenos e nenas de curta idade etc.

Medida 3.3.4 Estudo e consideración das necesidades de mobilidade da poboación e dos horarios do transporte público na planificación das actividades municipais.

ÁREA ESTRATÉXICA 4. PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE E CIDADANÍA ACTIVA

Obxectivo estratéxico: favorecer a participación das mulleres e a presenza igualitaria en todos os ámbitos, á vez que se contribúe ao seu apoderamento, recoñecemento e visibilización das súas contribucións pasadas e presentes.

Obxectivo operativo 4.1 Impulsar a participación activa das mulleres nas distintas esferas da vida social, cultural e deportiva, ao tempo que se favorece o apoderamento individual e colectivo.	Medida 4.1.1 Desenvolvemento de actividades que fomenten o apoderamento das mulleres e a súa autonomía.
	Medida 4.1.2 Organización de actividades culturais e de lecer que favorezan a socialización e nas que se propicie a participación equilibrada de mulleres e homes (teatro, música, baile etc.).
	Medida 4.1.3 Continuidade das accións de fomento do voluntariado entre a xuventude desde unha perspectiva de xénero.
	Medida 4.1.4 Introducción de criterios de valoración positiva da perspectiva de xénero nos proxectos das asociacións e entidades que concorren a subvencións de carácter municipal.
	Medida 4.1.5 Impulso de iniciativas que fomenten o deporte igualitario entre a infancia e a mocidade e contribúan á ruptura de estereotipos vinculados á práctica das distintas disciplinas deportivas por un e outro sexo.
	Medida 4.1.6 Incorporación do enfoque de xénero á actividade municipal en materia deportiva, para a visibilización e o recoñecemento igualitario de mulleres e homes no deporte (organización de eventos, establecemento de premios, apoio a entidades deportivas etc.).
Obxectivo operativo 4.2 Fomentar a presenza e participación equilibrada de mulleres e homes nas distintas estruturas de participación e decisión, poñendo en valor o talento e liderado feminino.	Medida 4.2.1 Impulso de actuacións para estimular a presenza de mulleres nos órganos directivos e de representación de asociacións do concello.
	Medida 4.2.2 Desenvolvemento de accións de visibilización do talento das mulleres nos distintos ámbitos (cultura, ciencia, deporte, investigación, política etc.).
	Medida 4.2.3 Organización de encontros e actividades interxeracionais para a transmisión de coñecementos e o recoñecemento das achegas das mulleres maiores nos distintos ámbitos (traballos agrarios, fala, gastronomía, cultura etc.).
	Medida 4.2.4 Deseño e posta en marcha de programacións turísticas e culturais con perspectiva de xénero e de posta en valor das contribucións das mulleres ao patrimonio material e inmaterial de Boqueixón.

ÁREA ESTRATÉXICA 5. SENSIBILIZACIÓN E INTERVENCIÓN PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxectivo estratéxico: continuar co labor de sensibilización social, toma de conciencia e denuncia de todas as formas de violencia contra as mulleres e reforzar os mecanismos de prevención e apoio ás vítimas.

Obxectivo operativo 5.1 Sensibilizar ao conxunto da sociedade sobre a violencia contra as mulleres/violencias machistas mediante accións que contribúan ao seu rexeitamento social e á súa prevención.	Medida 5.1.1 Continuidade das accións de sensibilización e prevención en materia de violencia de xénero a través de accións informativas e formativas que contribúan á súa identificación e denuncia.
	Medida 5.1.2 Desenvolvemento de accións de concienciación e denuncia das diferentes formas de violencia sexual contra as mulleres (trata, agresións sexuais, violencia LGTBQI etc.) e sobre a liberdade sexual das mulleres que fomenten a convivencia pacífica e igualitaria.
	Medida 5.1.3 Continuidade das accións de prevención da violencia de xénero dirixidas á comunidade educativa, incidindo na identificación das violencias dixitais e as violencias sexuais.
Obxectivo operativo 5.2 Reforzar a atención e a coordinación dos procesos de detección e atención ás vítimas de violencia de xénero e das persoas ao seu cargo	Medida 5.2.1 Continuidade da Mesa Local de coordinación interinstitucional contra a Violencia de xénero.
	Medida 5.2.2 Reforzamento das accións de apoio e atención integral ás as mulleres vítimas de violencia e persoas ao seu cargo.
	Medida 5.2.3 Inclusión de medidas positivas dirixidas a priorizar o acceso a diferentes servizos municipais a mulleres vítimas de violencia de xénero, así como aos seus fillos e fillas e/ou maiores dependentes; e a súa inserción sociolaboral.

ÁREA ESTRATÉXICA 6. TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ACTUACIÓN DO CONCELLO

Obxectivo estratéxico: consolidar un modelo de gobernanza en favor da igualdade entre mulleres e homes mediante a incorporación da transversalidade do enfoque de xénero ao conxunto da acción municipal.

Obxectivo operativo 6.1 Incorporar a perspectiva de xénero e o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes en todos os procesos da organización municipal.	Medida 6.1.1 Creación de espazos e instrumentos de coordinación entre os diferentes departamentos municipais para lograr a súa implicación no desenvolvemento das medidas do plan.
	Medida 6.1.2 Realización de accións formativas en xénero dirixidas tanto ao persoal técnico como político do Concello, para a mellora da introdución da perspectiva de xénero na acción municipal (na elaboración de programas, proxectos, orzamentos, informes de impacto de xénero, utilización da linguaxe non sexista etc.).
	Medida 6.1.3 Continuidade e reforzamento, no seu caso, da incorporación sistemática da variable sexo nos procesos de recollida e xeración de información de todas as áreas municipais (estadísticas, informes etc.).
	Medida 6.1.4 Inclusión da normativa en materia de igualdade de xénero nos programas dos procesos selectivos convocados polo Concello.
	Medida 6.1.5 Introducción de criterios de xénero nos pregos de condicións das contratacións e nas convocatorias de axudas e subvencións dos diferentes departamentos municipais.
	Medida 6.1.6 Impulso dunha participación equilibrada de mulleres e homes nos órganos de Goberno, comisións municipais, xurados de certames etc.
Obxectivo operativo 6.2 Consolidar unha comunicación institucional plenamente inclusiva e con enfoque de xénero.	Medida 6.2.1 Difusión do V Plan de igualdade entre mulleres e homes do Concello de Boqueixón entre o conxunto da cidadanía, axentes socioeconómicos do municipio e persoa técnico e político da institución.
	Medida 6.2.2 Reforzo da utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas en todos os documentos administrativos, comunicacións internas e externas e materiais do Concello de Boqueixón.
	Medida 6.2.3 Continuidade da revisión periódica da páxina web do Concello para a incorporación da perspectiva de xénero á exposición e organización de todos os contidos, velando pola utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas.
	Medida 6.2.4 Creación dun espazo permanente e visible na web municipal para a información sobre recursos, servizos e actualidade en materia de igualdade de xénero.